



**ARANTXA S. VICARIO**  
Non puido conter as bágoas na presentación das súas memorias P11

**COMPRO ORO SUÁREZ**  
PAGAMOS AL CONTADO  
la máxima tasación según Bolsa

Juana de Vega, 10 -1º - CORUÑA - 981 205 511  
Rúa de la Rosa, 12 Bajo - SANTIAGO - 981 597 350

# de uns a venres

www.l-v.es

O gratuíto galego

MÉRCORES. 15.02.2012 > ANO.7 > NÚMERO.1.149

GALICIA

**Un septuaxenariano reconece abusos a unha nena de 9 anos e acepta dous de prisión**

Foi en Lugo e non irá ao cárcere ao non ter antecedentes P3

VIGO

**Dous ex cuñados son detidos por agredirse cunha arma branca e unha barra de ferro P3**



CERVANTES

**Auxilian unha muller embarazada e o seu sogro, accidentados por mor do xeo P3/4**



BARBADÁS

**Retiran corenta días despois o camiión que se encaixara contra unha casa P3**

## Pintura e bricolaxe triplican o risco de ter cancro de pulmón

> Unha investigación da USC publicada en 'Epidemiology' alerta sobre os efectos nocivos da exposición continuada a **VERNICES, PO DE MADEIRA** e **COLAS** P3



**España-Austria, hoxe en Santiago.** O estadio de San Lázaro acolle hoxe ás 20.45 horas o encontro amigable internacional que enfrontará as seleccións femininas de España e Austria, que na foto

de Lavandeira Jr posan co alcalde e outros membros da corporación local. A presenza da galega Vero Boquete, á que hoxe entrevistamos, será un dos atractivos do partido, con entradas a só 7 e 5 euros. P10

### > deportes

**BARÇA** Vence en Leverkusen por 1-3 ao Bayer



**CELTA** A David Rodríguez non lle senta ben a falta de minutos

**NADAL** O Rei e Rajoy apóiano logo das críticas desde Francia

### > oaturuxo

#### ¿DESAPARECE O SMS?

As mensaxes curtas de texto, os famosos SMS, están desaparecendo. As tarifas planas para realizar chamadas de voz e a incorporación de internet aos teléfonos móbiles provocan que a xente cada vez recorra menos a enviar SMS. Pasaron de moda, simplemente. Algunhas compañías telefónicas xa os ofrecen de balde ao contratar determinados servizos ao ser conscientes de que minguaron en exceso. [Segue na páxina 12]. José Sixto

#### Boicot de mozos de Galiza Nova e doutros grupos a unha homenaxe a Fraga na USC

Os irmandiños din que non renunciarán aos cargos públicos e Leiceaga medita se liderará a alternativa a Pachi Vázquez P4/5

### o tempo

AC	12	7
SC	11	4
FE	12	6
PO	15	6
VI	15	6
LU	10	2
OU	14	3

**interlingua** Idiomanía

Idiomas - Agencia de traducción

**AGENCIA DE TRADUCCIÓN**  
TRADUCCIONES JURADAS  
ACADEMIA DE IDIOMAS

Traducimos todos los idiomas

Idiomas para adultos y niños a partir de dos años

www.traducion.net  
traduccioninterlingua@hotmail.es

Centro de Santiago  
Av. Villagarcía, 21  
Tlf.: 881 956 669

Centro de Noia  
C/ Pontevedra, 3  
Tlf.: 981 821 069

## Baltar puxo wifi na Deputación, xa que seu pai non tiña nin ordenador

En *La Voz*, **José Manuel Baltar Blanco**, o novo presidente da Deputación, di que fixo instalar wifi porque seu pai, **José Luis Baltar**, non tiña nin computadora. Defende o uso da lingua propia (preferiu que a entrevista fose en galego) e quere evitar “duplicidades ou triplicidades” na Administración.

**>gorxa rouca**

Por Álvaro Sal

## Alfonso Zulueta e Benxamín Casal, presidentes da Penzol e de Galaxia

*Faro de Vigo* daba conta onte do nomeamento de **Alfonso Zulueta de Haz** como novo presidente da Fundación Penzol, no canto de **Blanca Jiménez Alonso**, que pasa a ser presidenta de honra. O lugués **Benxamín Casal** é o novo presidente da Editorial Galaxia, que ten como presidente de honra a **Isla Couto**.


## Mellora un neno de Nigrán que recibiu unha medula desde Hawai

O xornal vigués citado anteriormente informaba de que **Juan**, un neno de Nigrán de 10 anos que sofre unha enfermidade rara (anemia de Fanconi), mellora pouco a pouco desde que hai cinco meses recibiu un transplante de medula dun doador de Hawai que lle salvou a vida. Seus pais tentaran enxendrar un fillo san para curalo.

Un día de furia



>santygutierrez.com



PRIMARIA - ESO - BACHILLERATO - FP - UNIVERSIDAD  
TODAS LAS ASIGNATURAS TODOS LOS NIVELES  
CLASES A DOMICILIO  
ASESORAMIENTO EN TÉCNICAS DE ESTUDIO

RONDA DE OUTEIRO 130 LOCAL 8. A CORUÑA  
TEL.: 981239521  
cliacademia@terra.es

## >cóntanos

E-MAIL >xornal@l-v.es

WEB >www.l-v.es

SMS >649 953984 / 647 595648

### Alberto Cunha

Facédelle, por favor, unha entrevista a Alberto Cunha, que me estou facendo fan del. Anónimo. SMS

a cambio dun empobrecemento crecente que ningunha política fiscal compensará”. Nenobalon. www.l-v.es

### Sindicatos e cidadáns

Unha hipotética convocatoria de folga xeral polos sindicatos maioritarios podería deixar de ser efectiva ante outro tipo de mobilizacións cidadás. Irémolo vendo. Apreatocinturon. www.l-v.es

### Niño Becerra

O economista Santiago Niño Becerra teno claro: “O único que se conseguirá co tempo é mitigar un pouco a situación a base de subemprego e de paro encuberto

### Galicia e Vigo

Se Galicia fose unha muller, ViGo sería o seu punto G. Kamdyz. www.l-v.es

### España e Grecia

“Montoro di que España ten o risco de verse contaxiada por Grecia”. Claro que se vai contaxiar, sobre todo das fogueiras que se ven por alí. Lume. www.l-v.es

### Fusión de concellos

Non lles fagades iso. Pobres, entraron na política con vocación de servizo. Co serviciais que son todos... Search. www.l-v.es

**>galeg@s**

**SHEILA REBOIRAS**  
ESCAPARATISTA

“Cos escaparates pasa como coas parellas: se nos gusta o exterior entramos dentro”

A. Conde

**P ¿Un sinónimo de Galicia?**

**R** Feiteira.

**P ¿Que quería ser de pequena?**

**R** Un pouquiño de todo: Perruqueira, xeóloga, profesora...

**P ¿Un lema a seguir na vida?**

**R** Buscar o lado positivo das cousas.

**P ¿Cales son as claves para ser unha boa escaparatista?**

**R** Primeiro, coñecer ben a marca para comunicar o que quere transmitir. Despois, ter creatividade, gusto e dimensión espacial.

**P ¿Que se leva neste eido?**

**R** Os escaparates estanse volviendo cada vez máis minimalistas, aínda que tamén se levan as tendas abertas, nas que todo o interior se converte no escaparate.

**P ¿Un negocio referente?**

**R** Moitos. Sen ir máis lonxe Zara, polos escaparates nos que ofrece esa idea de luxo a prezo asequible.

**P ¿Ten este oficio saída laboral?**

**R** Si, porque coa crise necesítan-



**Sheila Reboiras Loureiro**

**Nada en Rianxo en 1983,** licenciouse en Vigo en Belas Artes e diplomouse na Coruña en Deseño de Interiores

**En 2011 especializouse en** Escaparatismo e Visual Merchandising en Barcelona, cidade na que traballa para a firma de roupa McGregor

**Os escaparates que máis lle gustan** son os de Vinçon, Louis Vuitton, Tiffany & Co e o centro comercial Bergdorf-Goodman de Nova York, entre outros

se potenciar as vendas máis que nunca. E cos escaparates, como nunha relación de parella, se nos atrae o exterior xa temos un motivo polo que entrar dentro.

**>flash**



### Todo preparado para a voda de Marta Ortega

No pazo de Drozo, en Anceis-Cambre (A Coruña), a actividade é intensa nos últimos días polos preparativos para a voda de Marta Ortega. A filla de don Amancio, fundador de Inditex, de 27 anos, casará co xinete asturiano Sergio Álvarez nunha cerimonia máis ben íntima pero con convidados moi coñecidos, como Athina Onassis. Na foto, un home verniza unha ventá do pazo, onde onte había uns 30 operarios. > Cabalar

**lv** de LUNSAVENRES

Edita:  
**Galicía de Proxectos e Comunicacions S.L.**  
Depósito Legal: LU-471-06  
GRUPO EL PROGRESO  
Presidenta:  
**Blanca García Montenegro**  
Director:  
**Alfonso Á. Riveiro**

**Coordinadores:**  
Martín García Piñeiro, Ana Conde e María Marqués  
**Director de Comunicación e Márketing:**  
José Manuel Pérez-Bouzada  
**Responsable Comercial:**  
Natalia Pena Rodríguez  
**Director Administrativo:**  
José Manuel Rouco  
**Xefe de Distribución:**

Alfonso Roca  
**Dirección Postal:**  
Fernando de Casas Novoa, 35 A-1ºB  
15707 Santiago de Compostela  
**Tel.:** 981-568743 **Fax:** 981-585832  
**E-mail:** xornal@l-v.es  
**Contratar Anuncios:**  
Tel: 981-568743 / 981-552530  
**E-mail:**  
publicidade@l-v.es  
**Contratar Distribución:**  
Tel: 982-298128

# Bricolaxe e pintura poden ata triplicar o risco de padecer cancro de pulmón

> Un estudo da USC alerta dos efectos na xente de vernices, po de madeira ou colas

Europa Press

Un estudo da Universidade de Santiago (USC) atopou relación entre determinadas actividades de tempo libre e o risco de cancro de pulmón, que se multiplica case por tres para os que teñan como afección a bricolaxe, o modelismo ou a pintura. Así o aseguran investigadores da USC nun estudo publicado pola revista *Epidemiology*, unha das máis prestixiosas do mundo no seu campo.

Estes especialistas da área de Medicina Preventiva e Saúde Pública da USC observaron case tres veces máis de risco de cancro pulmonar, xa que implica a exposición continuada a solventes orgánicos, vernices, po de madeira ou colas, substancias cancerixenas cando se está exposto a longo prazo.

O estudo comparativo realizouse en 990 individuos, 442 con cancro pulmonar e 548 sen el, recrutados no Hospital Clínico Universitario de Santiago (CHUS) e no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO). Financiado polo Fondo de Investigacións Sanitarias, o traballo, explica a USC, confirma os resultados observados nun estudo de menor mostra publicado na mesma revista en 2002, que formou parte da tese doutoral do profesor Alberto Ruano Raviña quen, xunto con Juan Miguel Barros Dios, asina o artigo.

## Un novo estudo analiza esta doenza pulmonar entre os non fumadores

Completada esta investigación, Alberto Ruano dirixe xa un novo estudo sobre o cancro de pulmón, centrado en persoas que nunca fumaron para analizar que factores puideron influír na súa afección. O traballo, que financia a Xunta e no que participan os hospitais galegos e un asturiano, está na fase de "recrutamento" de pacientes. Tamén vai abordar a influencia do gas radón.

> Opina en [www.l-v.es](http://www.l-v.es)



Un albanel traballa no interior da vivenda onde se encaixou o camión. > B. Lorenzo

## Comeza 40 días despois a retirada do camión que se encaixou en Barbadás

EFE

Preto dun mes e medio tardaron os técnicos do Concello ourensán de Barbadás en comezar as obras para retirar un camión que se encaixou contra un inmovible, accidente que o pasado 5 de xaneiro obrigou ao desaloxo dos seus habitantes.

O Concello de Barbadás iniciou onte á mañá as obras, consistentes en apontoar o edificio e retirar os mobles afectados, co fin de proceder nos próximos días á retirada do vehículo.

O accidente tiña lugar o pasado 5 de xaneiro, cando un camión, ao intentar esquivar un turismo, virou bruscamente o volante, encaixándose contra o salón dunha vivenda da estrada OU-540, en Loiro.

A causa do sinistro tivo que ser desaloxado un matrimonio de avanzada idade, que saíu ileso do accidente. Estas dúas persoas eran os únicos habitantes do edificio, xunto a outro matrimonio, que non se atopaba no lugar o día do sinistro, xa que vive na capital ourensá.

Conflitos administrativos entre os propietarios e por parte da aseguradora do camión e o Concello provocaron a demora no inicio dos traballos, mentres que non chegou a haber ningún tipo de sinalización e barreiras protectoras ata o día de onte.

A compañía do camión culpa a burocracia e o Concello do atraso, mentres que a administración local di que actuou de oficio por deixadez do resto.

## Leves tras caer 200 metros por un desnivel en Cervantes

> A condutora, embarazada de cinco meses, saíu do coche e logrou pedir axuda

El Progreso

Unha muller embarazada e o seu sogro salvaron onte a vida tras caer o seu coche por un desnivel en Cervantes e dar varias voltas de campá ata pararse nunha pista ao bordo doutro barranco aínda maior.

A saída da vía produciuse a causa do xeo, que tamén dificultou as tarefas de rescate, xa que o

home, un octoxenari, tivo que ser transportado en padiola case medio quilómetro ata o lugar onde o agardaba a ambulancia.

A muller, M.M.G.F, de 39 anos, levaba o sogro, J.D.V, de 80, a Vilaspasantes cando perdeu o control do seu vehículo. Tras caer uns 200 metros polo desnivel e parar, a muller, embarazada de cinco meses, logrou saír, subir a

pendente ata a estrada e achegarse a unha vivenda próxima para solicitar axuda aos veciños para rescatar o seu sogro, que aínda seguía no coche.

Nunha primeira inspección médica, os dous implicados no sinistro non presentaban lesións graves, excepto algún golpe, algo case milagroso tendo en conta a aparatividade do accidente.



Un veciño observa o coche. > Xesús Ponte

A CORUÑA

### Penas mínimas pola grúa que matou dúas anciás

O xuízo pola caída en 2002 dun guindastre na rúa Real da Coruña, que causou a morte de dúas anciás, saldouse onte con tres meses de prisión para os imputados e indemnizacións económicas, moito menos do que pedían Fiscalía e acusación particular.

SANTIAGO

### Incumpre en Ames unha orde de afastamento

A Policía detivo o pasado venres un home na rúa Rosalía de Castro do Milladoiro (Ames) mentres trataba de acceder ao edificio no que reside a súa muller, causando danos na porta de acceso. Ademais, os axentes comprobaron que tiña unha orde de afastamento.

LUGO

### Piden prisión polo roubo dunha videoconsola

Os mozos M.L.C. e L.N.R. enfróntanse a catro anos de prisión por amenazar outro cunha navalla e subtraerlle unha mochila que portaba unha videoconsola cun mando e varios xogos. Os agresores tamén o fixeron entrar na súa casa para que lles entregase "todos os cartos que tivese".

PONTEVEDRA

### A Policía dá cos autores dun incendio en Tomiño

Dous homes foron detidos pola súa presunta implicación nun incendio forestal en Tomiño, rexistrado o pasado 8 de febreiro e que queimou 4.000 m<sup>2</sup>. Onte tamén foi sufocado o lume dunha nave en Vilanova de Arousa e outro que acabou cunha vivenda en Cotobade.

## Un septuaxenari reconece en Lugo que abusou dunha nena de só 9 anos

EFE

Un home de 74 anos reconeceu a autoría dun delito de abusos sexuais a unha nena de 9 e aceptou unha pena de dous anos de prisión, durante a vista oral celebrada onte na Audiencia Provincial de Lugo. Por iso, non terá que entrar no cárcere, ao non ter antecedentes penais.

Inicialmente, o fiscal solicitaba para o acusado unha pena de dous anos e seis meses de prisión, así como a prohibición de achegarse á vítima a menos de 600 metros por un período de seis anos; e unha indemnización de 6.000 euros.

Ao haber conformidade entre as partes, o septuaxenari será condenado a dous anos de prisión, non poderá achegarse á vítima a menos de 300 metros durante un período de tres anos e seis meses e abonará 13.000 euros de indemnización.

## Arrestan en Vigo 2 ex cuñados tras agredirse cunha navalla e un ferro

AGN

A Policía Nacional detivo o pasado sábado en Vigo dous ex cuñados, despois de que se agrediran mutuamente cunha navalla e unha barra de ferro. O primeiro está acusado dun delito de tentativa de homicidio, mentres que ao outro se lle atribúe un de lesións.

Un dos implicados estaba nun establecemento de hostalería cando viu o ex cuñado, co que mantén unha disputa familiar, na rúa. Saíu e tratou de agredilo cunha navalla, pero a vítima fuxiu e volveu minutos despois cunha barra de ferro, coa que golpeou o seu agresor na man e a cara.

Os axentes detiveron e trasladaron a un centro hospitalario un dos sospeitosos. Pouco despois, localizaron e detiveron no mesmo hospital o outro imputado, tamén ferido.

¿sabías que...?

Segue moi grave unha das tres irmás de Rodeiro que se intoxicaron cunha tortilla que tiña salmonela

Aínda se teme pola súa vida

## INDUSTRIA

**Piden que se vaia Guerra pola polémica dos áridos**

O BNG solicitou onte ao presidente da Xunta a destitución do conselleiro de Industria, Javier Guerra, a quen consideran o responsable de permitir o uso de áridos importados de Holanda por parte da empresa Mammer S.L. na comarca de Ferrolterra, a pesar de existir informes dunha empresa e da USC que non recomendaban o seu uso para firmes de estradas. A Fiscalía de Ferrol está a investigar o caso.

## XUSTIZA

**Barallan varios espazos para o xuízo do 'Prestige'**

O conselleiro de Presidencia, Alfonso Rueda, indicou que a comisión formada por responsables xudiciais e autonómicos para preparar o xuízo da catástrofe do *Prestige* estuda "dous ou tres" emprazamentos posibles para a súa celebración. Rueda reiterou que a data de inicio do xuízo depende de "instancias xudiciais" e insistiu en que se traballa "para ter todo preparado". Algúns apuntan ao mes de setembro.



Santalices saúda a Pilar Rojo. &gt; R. Pasadas

## PARLAMENTO

**Santalices exerce xa de vicepresidente do Hórreo**

O ourensán Miguel Santalices remudou onte o novo presidente da Deputación de Ourense, Manuel Baltar Blanco, á fronte da vicepresidencia primeira da Cámara galega. A súa elección apoiárona os 38 deputados do PP, mentres que 36 da oposición –faltaba un– votaron en branco. O seu predecesor, que estaba na bancada, louvou a elección de Santalices e falou de "normalidade democrática" na remuda da Deputación.

## CONSUMO

**A oposición non logra frear a nova lexislación**

A Lei Galega de Protección Xeral das Persoas Consumidoras e Usuarias continuará a súa tramitación parlamentaria despois de que a maioría absoluta do grupo popular tombara as emendas formuladas pola oposición para a devolución do texto ao Goberno. O conselleiro Javier Guerra defendeu este documento por entender que atalla a "indefensión do consumidor", pero a oposición pedía máis control á banca.

## &gt; osoliloquio

XOÁN C. VIDAL  
www.l-v.es**UN POBO ENFERMO**

Non sei se somos un pobo enfermo ata o extremo no que definiu Alcides Arguedas a súa Bolivia de principios do século XX, onde os terratenentes se negaban a impulsar o ferrocarril porque os indíxenas xa lles transportaban gratis as colleitas. As axencias de cualificación, os grandes investidores, os burócratas da UE, as potencias dominantes desa mercacomunidade... ata os guionistas de programas de humor foráneos diagnósticanos esa doenza que só ten un remedio: unha involución na autoestima que nos converta de novo neses amables indíxenas que se conformaban co pan e o sal para non importunar o señor, que é quen mellor sabe o que nos convén.

O novo Goberno central comezou a aplicar o remedio importado sen demasiado convencemento, aínda que consciente de que a anestesia aplicada polos seus antecesores dificilmente vai alterar o aturdimiento xeral que se vive. Conxelación de soldos, subida de impostos, reforma laboral xa non son palabras tabú para uns políticos que souberon implantar na sociedade a mensaxe de que mal de moitos é un consolo, aínda que sexa de fatos.

Quedo coa estratexia dos sindicatos ante a situación, esperar a ver como reaccionan os traballadores ante a terapia de choque aplicada antes de botarse á rúa. Pois que non se estrañen se desta o enfermo foxe tamén do acompañante.

**Boicot a Fraga na USC**

> Un cento de mozos de varias organizacións, entre elas Galiza Nova, impiden en Filosofía unha mesa redonda sobre o político

LV / Axencias

Un grupo integrado por un centenar de estudantes e membros de organizacións xuvenís como Galiza Nova impediu onte a celebración dunha homenaxe a Manuel Fraga na facultade de Filosofía da Universidade de Santiago (USC).

O acto consistía nunha mesa redonda titulada *Catro lexislaturas que cambiaron Galicia* e nela ían participar os ex conselleiros Manuela López Besteiro, Celso Currás e Xesús Palmou. Asistiron tamén o ex presidente da Xunta Gerardo Fernández Albor e Rosario Fraga, irmá do falecido político vilalbés, acompañada polo seu marido.

Ao chegar os participantes na mesa redonda, os manifestantes corearon consignas contra o acto como "fóra fascistas da universidade", "as homenaxes aos das cunetas" ou "a vosa historia é unha mentira". Posteriormente, ocuparon o salón e



Rosario Fraga, irmá do político vilalbés, observa os mozos protestando. &gt; Lavandeira Jr

impediron a celebración do acto.

A secretaria xeral de Galiza Nova, Iria Aboi, criticou onte "a vergoñosa homenaxe", que circunscibiu nunha "estratexia de beatificación" dun integrante da ditadura. Aboi considera que "ocultar deliberadamente a participación do señor

Fraga na ditadura fascista e as súas decisións claramente antidemocráticas na súa función como ministro de Franco supón un atentado contra a democracia, a manipulación da memoria histórica e unha mofa".

> Opina en [www.l-v.es](http://www.l-v.es)**Educación anuncia un decreto novo de escolarización para o curso 2012-13**

LV / Axencias

O conselleiro de Cultura e Educación, Jesús Vázquez, anunciou a redacción dun novo decreto de escolarización par ao curso 2012-13 e a aprobación de dúas leis –Universidades e Patrimonio Cultural–. Todo iso, entre críticas da oposición á unión das dúas carteiras e a que o responsable de área educativa, un "lengüicida", se encargue agora da cultura. Vázquez defendeu que se xuntaran ambas as dúas consellerías.

Pola súa banda, Rosa Quintana tamén defendeu onte a unión de Mar e Medio Rural por sinerxias e aforro, algo que a oposición puxo en dúbida.

**Ribeira contará cunha aula da rede CeMit a partir do mes de xuño**

A Xunta investirá 90.000 euros na nova aula da Rede de Centros para a Modernización e a Inclusión Tecnolóxica (CeMit) de Ribeira (A Coruña), que se abrirá ao público no mes de xuño, tal e como anunciou onte o secretario xeral de Medios, Afonso Cabaleiro, durante a súa visita ao local no que se situará esta nova infraestrutura. Ocupará uns 80 metros cadrados.

**A neve impide asistir á clase a 19 alumnos de Pedrafita**

As condicións da rede viaria galega nas zonas de alta montaña impediron acudir ao colexio a 19 nenos do municipio lucense de Pedrafita –na imaxe–. A neve e o xeo dificultaron o tráfico nalgunha vía da rede secundaria. Segundo Meteogalicia, as nevaradas remitirán hoxe en Lugo e Ourense, predominando de novo os ceos despexados. Iso si, manteranse as xeadas e as temperaturas por baixo dos cero graos en moitos puntos altos e do interior da comunidade. > Eliseo Trigo

**Unha lei permitirá cobrar a Risga ao mesmo tempo que traballos puntuais**

LV / Axencias

O Goberno galego prevé remitir ao Parlamento durante este período de sesións o proxecto da nova Lei de Inclusión Social, que entre as súas novidades incorporará a posibilidade de compaxinar cobros procedentes da Risga –renda de integración social– con outros de traballos esporádicos. Así, antes do verán podería comezar a súa tramitación na Cámara, segundo explicou o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo.

A norma prevé modificar o nome da prestación, que pasará a denominarse renda de inclusión social, e incentivar o acceso ao mercado laboral garantindo que, no tramo de transición, se continúe percibindo esta prestación cun límite do 135% do salario mínimo interprofesional. A partir de aí, a contía da mesma irá descendendo.

# O Encontro Irmandiño desoe o Bloque e pensa manter os grupos municipais

➤ A dirección do BNG pide que pasen aos non adscritos ➤ Emerxe a figura de Táboas

AGN / Axencias

O envite lanzado o luns pola dirección do BNG aos irmandiños –a quen exhortou a que, tras a súa saída do Bloque, deixasen os seus cargos institucionais so risco de incorrer ata en casos de transfuguismo– non sentou ben neste colectivo, que se mostra disposto a dar a batalla e hoxe mesmo ten prevista unha reunión da súa coordinadora para decidir sobre a situación dos concellos nos que comparten grupo municipal con outros membros do BNG –especialmente da UPG–.

De momento, o Encontro Irmandiño (EI) replicou onte que “deixar a militancia nunha forza política non implica a saída dun grupo municipal, nin legalmente nin aplicando o sentido común”. “O fundamental é preservar a vontade popular, saída das urnas aínda non hai un ano, de apoio a listas e programas electorais que o EI está decidido a cumprir e respectar”, sinalaron.

Así as cousas, e a pesar de que insisten nun “necesario proceso de diálogo”, a súa posición choca fortemente contra a da dirección do BNG. Sobre a dita postura, o candidato nacionalista á presidencia da Xunta, Francisco Jorquera, sostivo de novo que os irmandiños deberían pasar aos non adscritos, reclamación que estes rexeitan.

“Hai moitos grupos nos que participan persoas independentes

que non son militantes do mesmo”, argumenta o Encontro Irmandiño, que reclama “sentido común” ao Bloque. Así, avoga por seguir “cooperando e respectando a composición dos grupos municipais nos que, a partir de agora, deberán convivir membros do EI e do BNG, co obxectivo fundamental de que sigan respondendo ás expectativas depositadas neles pola cidadanía”, que segundo avisan “optou por esas listas e por esas persoas”.

## UN NOVO PARTIDO

Así mesmo, os irmandiños abordarán na súa reunión de hoxe o inicio dos contactos e métodos para a converxencia “con todas aquelas persoas e grupos que estean polo novo referente político do nacionalismo”. Nesta liña, o rexedor da localidade coruñesa de Teo e integrante do EI, Martiño Noriega, defendeu que Xosé Manuel Beiras contribúa a formar a nova forza política nacionalista, na que a ex deputada Teresa Táboas debería ter “un papel de referencia”.

Noriega tamén apuntou que a nova forza política “ten que intentar optar a estar nas institucións para viabilizarse”, aínda que non se fixou o horizonte concreto dos próximos comicios autonómicos. “As eleccións non poden condicionar a construción dun novo referente”.

Neste novo partido poderían ter cabida membros de Máis Galiza, a corrente que lidera Carlos Aymerich. Ao entender do alcalde de Teo, “o movemento que está a ocorrer nas bases é imparabile” e “forzará a saída da cidadanía activa de Máis Galiza”. Tamén incidiu en que a maioría de rexedores críticos “se sentiron agredidos no proceso asembleario”.

**“NON CONTEMPLO SAÍR DO BNG, PERO PREOCÚPAME TODO O DANO QUE SE FAI AO NACIONALISMO”**

S. Rodríguez, alcalde de Monforte

> Opina en [www.l-v.es](http://www.l-v.es)



## Pontón remuda a Aymerich como portavoz na Cámara

A substitución na portavocía parlamentaria do BNG oficializouse onte na primeira sesión plenaria tras a asemblea nacionalista. Ana Pontón –na imaxe xunto a Carlos Aymerich– estreouse como portavoz e hoxe terá o seu primeiro cara a cara co presidente Feijóo. Ademais, o seu antecesor cedeulle espazo na primeira fila, á que se incorporou Ana Luisa Bouza como viceportavoz parlamentaria. > Lavandeira Jr

## Caballero di que o grupo local terá un “perfil baixo” no congreso do PSdeG

Europa Press

O alcalde de Vigo, Abel Caballero, confirmou que el e a agrupación socialista da cidade olívica manterán un “papel de perfil baixo” no congreso do PSdeG que se vai celebrar a partir do próximo 9 de marzo, e recordou que prefere “xogar na división española”.

A preguntas sobre se se formula encabezar ou impulsar unha alternativa a Pachi Vázquez, o rexedor olívico contestou cun sonoro “¿como?”, e recordou que a agrupación viguesa xa tivo unha “participación moi activa” no congreso de Sevilla. “Ese era o meu papel alí, e era o que eu quería facer”, concluíu.



## O nome de Leiceaga cobra forza para medirse a Pachi

Mentres no PSdeG medran os rumores de posibles alternativas ao liderado de Pachi Vázquez para o congreso galego de marzo, a vida continúa no grupo parlamentario, onde Xaquín Fernández Leiceaga, o nome que máis soa nos últimos días para enfrontarse ao actual responsable do PSdeG, parece *obviar* o do Carballiño nesta imaxe tomada onte. ¿Estratexia ou simple casualidade? > Lavandeira Jr

## Novas de economía

**Naval** O estaleiro vigués Hijos de J. Barreras incorporará en breve dous novos accionistas para a empresa, aínda que a súa integración non se fará efectiva ata que a compañía saia da lei concursal. Tamén ultima o seu plan de viabilidade

**Lácteo** O Sindicato Labrego Galego (SLG) denunciou onte que as industrias lácteas que operan en Galicia baixarán un céntimo o prezo do leite de xaneiro e outros dous nos próximos meses, deixando a media nuns 29 céntimos

**Automoción** Os sindicatos de PSA Peugeot Citroën de Vigo piden á dirección que garanta o poder adquisitivo da xente, logo de propor a conxelación de salarios este ano e a suba do IPC real nos vindeiros, mais algunha prima por obxectivos

**Alimentación** Supermercados Cemar, empresa lucense con máis de 40 anos, asinou unha alianza estratéxica coa cooperativa granadina Covirán, pola que integrará os seus 35 negocios baixo ese paraugas

**Taboada**  
XXI Festa do  
Caldo de Ósos

**CONCELLO DE TABOADA**

No domingo de entroido  
regálalle o teu corpo  
un bó xantar de  
caldo de ósos de TABOADA

**XXI FESTA  
DO CALDO  
DE ÓSOS  
18 E 19  
DE FEBREIRO**

## FERROL

**Deputación e Xunta van equipar o novo auditorio**

A Xunta achegará 575.000 euros e a Deputación da Coruña outros 309.000 a través dun convenio co Concello de Ferrol, que se asinará en marzo, e que permitirá dotar o auditorio da cidade do equipamento escénico que falta para a súa posta en marcha definitiva. O proxecto inclúe a colocación de estruturas de apoio, maquinaria escénica, luz, etc.

## OURENSE

**Fomentan o uso do bus urbano entre escolares**

Un total de 60 escolares do colexio *Mestre Vide* de Ourense usan a diario o transporte urbano para acudir ao seu centro educativo, grazas a un programa posto en marcha pola concellería de Educación: *Eu no bus, e ti?* É unha iniciativa pioneira para fomentar o uso do transporte urbano entre os máis novos que forma parte dun plan iniciado xa en 2009.



Protesta, onte no reitorado. > Rafa Pasadas

## SANTIAGO

**Os 'Parga Pondal' volven reclamar a contratación**

Os investigadores *Parga Pondal*, xunto a outros membros da comunidade educativa, volveron onte a manifestarse na Universidade de Santiago (USC) para reclamar que a institución "actúe xa" e "poña sobre a mesa" as 17 prazas necesarias para contratar os participantes na convocatoria do programa que finalizou en decembro e os deixou na rúa.

## odíaennúmeros

542

PERSOAS PARTICIPARON NA CAMPAÑA TURÍSTICA DE VIGO E DA CORUÑA

Debían responder preguntas sobre a cidade 'rival' para así gañar unha noite de hotel, algo que conseguiron 434 dos apuntados. Ao final, un sorteo deixou 42 gañadores

## &gt;porpalabras

## emprego

**Necesitamos personal** atención al cliente y cubrir tareas comerciales 689328317

**Se necesitan mozos-as** para realizar trabajos de carga y descarga 651964278

**Incorporación inmediata** de personal de cocina, con y sin experiencia 685625993

## vehículos

**ServicarsLugo** (ventasvo@servicarslugo.com. Tlf.: 982 219 505) vende automóviles de todas las marcas. Ofertas de febrero: Audi A4 2007, 13.500 euros; Peugeot 407 2006, 8.500 euros; Seat Leon 2002, 6.500 euros; Nissan Kubistar 2005, 4.000 euros; Opel Zafira 2005, 6.500 euros. Información en [www.servicarslugo.com](http://www.servicarslugo.com).

**Servitrucks** (982 219 505) vende todo tipo de camiones y de maquinaria pesada.

**Se vende** Dodge 3.700 GT. Teléfono: 639 351 981. Totalmente restaurado.

## varios

## GESTLOGA

## Asesoría fiscal, laboral, contable

• Autónomos y empresas  
• Servicio jurídico y seguros  
PRESUPUESTO SIN COMPROMISO  
DESDE 45€/MES  
667268810 / 981138170  
[gestloga@hotmail.com](mailto:gestloga@hotmail.com)  
Cr/ Mesoiro, 91 Bjo- 15190  
A CORUÑA

**Se venden** barandillas de seguridad ortopédicas para cama. 120 euros. Teléfono 679 059 726.

**Compro una cisterna isotérmica** para agua, de segunda mano y con capacidad para 15.000-20.000 litros. Interesados llamar al 664 413 262.

## PROFESOR BARO Médium

Acción inmediata, resuelvo todos los problemas: amor pareja, familia, impotencia, trabajo, salud, negocios, deporte, suerte  
100% eficaz

652 665 667  
981 556 312

## contactos

**Recién divorciada.** Atractiva. Rica. Busco sexo. Pago yo. 636 366 297.

## animais

**Ofrécese** cabalo para cubrición. Pura raza española. 100 euros monta. Teo (A Coruña). Teléfono: 639 351 981.



## Motores con historia

> O recinto feiral de Amio, en Santiago, acolle de venres a domingo a segunda edición do salón de vehículos clásicos Retro Galicia 2012

## LV

Santiago de Compostela acolle a segunda edición de Auto Retro Galicia, o salón do vehículo clásico que contará con 18.000 metros cadrados de exposición interior e exterior no recinto feiral de Amio o venres, o sábado e o domingo. Tras o éxito da pasada edición, a concelleira Reyes Leis e o director de Eventos del Motor, José Enrique Elvira, avanzaron onte as principais novidades de Retro Auto Galicia 2012.

As dúas coleccións máis destacadas do evento son unha grande exposición retrospectiva de Porsche –coa presenza de máis de 30 deportivos– e un repaso á historia da motocicleta española de trial de 1959 a 1985 –con protagonismo de emblemáticas marcas como Montesa, Bultaco, Ossa, JJ Cobas, etc...).

Ademais, en Retro Auto Galicia poderán atoparse vehículos de competición cargados de historia –o Renault 5 Turbo que usou Jesús Puras–, automóviles tremendamente singulares –unha das dezaioito unidades que hai do Dodge Boulevard– ou ata, para todos aqueles donos dun clásico, a oportunidade de atopar todo tipo de recambios.

> Máis en [www.santiagodecompostela.org](http://www.santiagodecompostela.org)



Reyes Leis e José Enrique Elvira presentaron onte o salón Retro Galicia 2012. > LV

## Información de utilidade

**Horarios** O venres o salón abre de 16.00 a 21.00 horas; o sábado, de 10.00 a 22.00 horas; e o domingo poderá verse de 10.00 a 20.00 horas  
**Lecer** Están previstas varias concentracións de Seat 600, 124 e 1.430, de Porsche e ata unha proba de habilidade do Rallye Rías Baixas de Clásicos

## A ORGANIZACIÓN DISPORÁ EN AMIO O SÁBADO UNHA ITV MÓBIL PARA TODOS OS DONOS DE COCHES CLÁSICOS

As inspeccións, que se realizarán en horario de mañá e de tarde, terán un prezo reducido especial

## Empresa do sector da comunicación

precisa

## PROMOTOR COMERCIAL AUTÓNOMO

PARA A CIDADE DE OURENSE

Os interesados poden poñerse

en contacto co teléfono 671-034740

ou enviar directamente o seu currículo a

[nperodriguez@yahoo.es](mailto:nperodriguez@yahoo.es)**Gadisa axuda persoas con discapacidade intelectual coa formación e o traballo**

Gadisa e o Centro Pai Menni-Irmás Hospitalarias de atención a persoas con discapacidade intelectual asinaron un convenio para mellorar as perspectivas de acceso ao mercado laboral e promover o desenvolvemento persoal de 16 usuarias do centro, no marco do programa de responsabilidade social corporativa da compañía. As 16 participantes do taller ocupacional elaboran as cestiñas con produtos de hixiene e alimentación que Supermercados Gadisa regala a todas as familias con fillos recentemente nados. > LV



## Médicos de toda España alzan a voz fronte aos recortes "indiscriminados"

Axencias

Médicos de toda España, entre eles os galegos, alzarón onte a súa voz fronte aos recortes "indiscriminados" e "desproporcionados" que se están rexistrando nos servizos sanitarios das diferentes comunidades autónomas.

Colexios e sindicatos médicos responderon ao chamado da Organización Médica Colegial (OCM) a rebelarse contra eses recortes, que están a colocar o sistema sanitario nunha "situación de dificultade sen precedentes".

Os profesionais subscribíron o manifesto da OMC, que insta a rexeitar os recortes que afecten a calidade asistencial e a denunciar as súas consecuencias. As organizacións colexiais e os sindicatos sumanse así á estratexia de denuncia da OMC, que onte chegou ás redes sociais a través da posta en marcha en Twitter da campaña #contra-recortes-sanitarios.

# Wert quere asociar as bolsas universitarias ao rendemento

> Di que agora só dependen do nivel de renda > Os estudantes acúsano de atacar o principio de igualdade de oportunidades

LV / Axencias

O ministro de Educación anunciou a súa intención de revisar o sistema de acceso e mantemento das bolsas universitarias porque, ao seu xuízo, actualmente están vinculadas ao nivel de renda familiar e non ao rendemento académico do bolseiro.

Nunha conferencia do Foro de la Nueva Sociedad, José Ignacio Wert garantiu que os recursos destinados a esta partida "non diminuírán". Porén, criticou que as bolsas se converteron nunha asignación "non competitiva", é dicir, que a partir dun determinado nivel económico se ten o dereito a unha.

Segundo advertiu, na "maioría" das carreiras o bolseiro ten que aprobar o 80% ou o 60% dos créditos dun curso para manter a bolsa. E para acceder desde secundaria a unha, "chega cunha cualificación de 5 puntos".



O ministro de Educación, onte. > EFE

"O sistema ten que ser máis esixente en canto ao rendemento e máis sensible á esixencia", aseverou, tras o que dixo que, para continuar cunha bolsa, ao alumno "dálle exactamente igual obter un sobresaliente que un cinco".

Wert dixo que "ás veces, esqué-

cese a bolsa máis importante, que é a que teñen garantida todos os alumnos do sistema universitario, aos que lles cobran o 5% do que custa o seu posto".

### REACCIÓNS

O PSOE pediu ao ministro "que se informe antes de falar" porque os bolseiros universitarios teñen un "alto rendemento". Ademais, lembroulle que desde 2005 as bolsas universitarias son "un dereito".

Universitarios contestaron a Wert que o rendemento dos bolseiros está "sobradamente demostrado" co sistema actual. "Concibimos as bolsas para as persoas que non poden permitirse estudar. Se isto cambia, e se dan ás persoas con maior rendemento que non as necesitan, moita xente deixará os estudos", advirten.

> Opina en [www.l-v.es](http://www.l-v.es)



A líder do PPC exhibe o acordo. > EFE

### POLÍTICA

## CiU e o PPC alcanzan de madrugada un pacto sobre as contas

CiU e o PP catalán alcanzaron de madrugada un acordo sobre os Presupostos de 2012 nunha reunión de seis horas. Tras o pacto, a Generalitat negou que o PPC sexa o seu socio e lanzou chiscadelas a PSC e ERC, mentres que a presidenta do PPC pediu aos críticos que se afagan "ao papel determinante do PP en Cataluña".

### XUSTIZA

## O CGPJ vai expulsar a Garzón da carreira xudicial o día 23-F

O CGPJ expulsará o próximo 23 de febreiro a Baltasar Garzón da carreira xudicial en execución da sentenza que o condena a 11 anos de inhabilitación polas escotitas do Gürtel. Mentres, os avogados que se querelaron contra o maxistrado polo patrocinio dos cursos de Nova York recorreron onte ante o Tribunal Supremo o arquivo da causa.

### SOCIEDADE

## A metade dos xitanos ten obesidade como "mostra de poderío"

A metade da poboación xitana é obesa debido a que asocia a gordura cun "maior poderío", segundo o estudo iniciado por unha bióloga da Universidade do País Vasco, que advirte dos graves riscos e problemas de saúde que xera a "cultura obesoxénica" nesta etnia, que non tivo moito acceso á alimentación.

### POLÍTICA

## O Congreso rexeita limitar as pensións dos ex presidentes

UPyD non logrou que PP e PSOE apoiasen a súa iniciativa para cambiar o réxime retributivo dos ex presidentes do Goberno para que non poidan compatibilizar as percepcións públicas con outras privadas, como as que cobran González e Aznar de dúas empresas. Reciben unha pensión de 80.000 euros anuais.

### ¿sabías que...?

**Rajoy e Rubalcaba reúnen hoxe por primeira vez en Moncloa nunha cita marcada pola reforma laboral e a renovación de institucións**

Tamén abordarán a reforma financeira, que o PSOE apoiará

## Basagoiti invita a PSE e PNV a liderar a fin de ETA tras reunirse con Rajoy

O presidente do PP vasco invitou o PSE e o PNV a unirse para liderar esta etapa para que ETA se disolva de forma definitiva sen ningún "agasallo ou premio" a cambio. Fíxoo tras reunirse con Rajoy, que tamén recibiu onte o lehendakari e o presidente do PNV. Pola súa banda, o ministro de Interior desvelou que ETA intenta recrutar en Francia novos membros para a banda, aínda que "de menor nivel". > EFE



## A CE insta o país a corrixir a taxa de paro e outros 5 desequilibrios

Axencias

A Comisión Europa instou onte a España a corrixir seis desequilibrios macroeconómicos que considera "excesivos", como o paro, o que podería desembocar en última instancia nunha multa duns 1.000 millóns de euros se non se actúa en consecuencia.

Xunto a Irlanda, Chipre e Portugal, España sitúase entre os estados con máis problemas. A elevada taxa de paro, o repunte da débeda privada e da do sector público están entre os cabalos de batalla, segundo o informe da CE.

## Bruxelas nega sospeitar que España inflou o déficit de 2011, como di Reuters

Axencias

A CE negou calquera sospeita sobre unha manipulación das cifras de déficit de 2011 por parte do Goberno de Rajoy que, segundo a axencia Reuters, puido inflar o desequilibrio orzamentario ata o 8%, en lugar do 6% fixado como obxectivo, a fin de que os resultados deste ano parezan mellores.

"Desminto rotundamente que o Executivo comunitario albergue dúbida ningunha sobre as cifras españolas", asegurou o portavoz de Asuntos Económicos, moito máis tallante que o vicepresidente europeo, que se limitou a afirmar

que non se poden sacar "conclusións prematuras neste momento" sobre a desviación fiscal.

### ORZAMENTOS DE 2012

O ministro español de Economía tamén negou a información de Reuters, así como que Bruxelas apreme a España a presentar os orzamentos para 2012 antes das eleccións andaluzas, como tamén afirmou a axencia. Porén neste punto chocou coa CE, que onte si pediu ao novo Goberno que acelere a presentación das contas para garantir o cumprimento dos obxectivos fiscais en 2012 e 2013.

### Outras novas do día

**Tesoro** España sortea a Moody's tras rebaxar esta a débeda soberana española e paga menos pola súa nova emisión de débeda

**Laboral** A patronal di que simplificar os EREs "non deixa barra libre" para os despedimentos, mentres os sindicatos se mostran abertos a dialogar sobre a norma malia as súas diferenzas

**Banca** O Ministerio de Economía y Competitividad recordou onte ás caixas de aforros que terán que sanear contra resultados e non contra patrimonio se non se fusionan

**Empresa** As perruquerías da cadea Marco Aldany, con cerca de 4.000 empregados en toda España, entran en concurso de acredores



### O futuro líder de China fala de consenso nos EE UU

O vicepresidente chinés, Xi Jinping, quixo lanzar onte unha mensaxe de tranquilidade a Washington ao asegurar que espera “establecer consenso, expandir a cooperación e profundar a amizade” durante a visita que iniciou aos EE UU. Xi reuniuse na Casa Branca co vicepresidente Joe Biden e co presidente Barack Obama, no primeiro día dunha visita que o Goberno dos Estados Unidos quere aproveitar para coñecer mellor o que será o futuro líder de China, cuxas opinións sobre Washington son un enigma. > EFE



### Malvinas: dobre conflito

24 manifestantes foron detidos onte na protesta dun grupo de arxentinos que piden ser recoñecidos como veteranos da Guerra de Malvinas, que finalizou con violentos incidentes. Mentres, Arxentina aceptou que a ONU medie no conflito das illas. > EFE



### A onda de frío segue deixando mortos en Europa

A onda de frío e neve segue afectando boa parte de Europa, como se pode apreciar nesta foto tomada onte no centro de Kiev (Ucraina). Nas últimas 24 horas rexistráronse novos mortos debido ás baixas temperaturas, cinco deles en Romanía, que xa suma 79 vítimas desde que o temporal empezara hai máis de dúas semanas. > EFE



### Novo referendo en Kosova

Os serbios de Kosova fan un referendo sobre se aceptan ou non a independencia, que os albanokosovares proclamaron en 2008 pero que Serbia non recoñece. > EFE

### O mundo enteiro celebra o Día de San Valentín

Onte foi o Día dos Namorados, festa occidental que ata celebran xa na cultura oriental. Os chineses apúntanse aos agasallos e moitos mesmo aproveitan a data para casar. Mentres en Costa Rica a comunidade homosexual se manifestou para que o Goberno recoñeza legalmente as parellas do mesmo sexo (na foto), unha empresa polaca ofreceu xoguete e artigos eróticos para “matrimonios que aman a Deus”, co fin de estimular a vida sexual das parellas casadas, xa que, di, “o matrimonio é o mellor terreo para desenvolver a sexualidade”. > EFE



# Al Asad ataca Homs ao tempo que nega os crimes dos que é acusado pola ONU

> China di que “non protexerá ningunha das partes” e ve urxente evitar “a guerra”

LV / Axencias

O Ministerio de Exteriores sirio rexeitou categoricamente as acusacións da ONU de que o réxime de Al Asad cometeu “crimes contra a humanidade” desde o inicio da revolta en marzo pasado.

Nunha nota, acusou o alto comisionado dos dereitos humanos de falta de neutralidade e obxectividade. “Converteuse nun instrumento nas mans dalgúns países que teñen como obxectivo Siria e que ignoran os crimes terroristas que perpetrán os grupos armados”, subliñou.

Mentres, Homs foi onte sometida a un novo “bombardeo brutal” por parte do Exército sirio. As tropas do réxime levan a cabo desde hai máis de dez días unha forte ofensiva contra os bastións dos rebeldes nesta cidade. Aínda que os activistas denunciaron a morte de centos de persoas desde o pasado sábado e o empeora-



Bombardeo sobre Homs, onte. > EFE

mento da situación humanitaria, a represión parece non ter fin. Onte rexistráronse polo menos cuarenta vítimas mortais.

Despois de que China e Rusia bloquearan o borrador de resolución no consello de seguridade que instaba o presidente sirio a dimitir, o Goberno chinés asegurou onte que non protexerá ningunha das partes, ademais de subliñar que é “urxente” evitar a “guerra e o caos”.

GRECIA

### A UE apraza o rescate ao crer que o país aínda non cumpre as condicións

Grecia recibiu onte dous duros golpes coa noticia de que o seu PIB caeu un 6,8% durante 2011 e o anuncio do Eurogrupo de desconvocar a súa reunión, o que supón un adiamento da súa decisión sobre o segundo rescate ao país. O Eurogrupo decidiu aprazar ata o luns a reunión que tiña prevista para hoxe por considerar que Grecia non cumpre aínda as condicións para recibir o novo préstamo que debería evitar a quebra á que está abocado o país o próximo mes.

ITALIA

### O Vaticano denuncia ‘un Wikileaks’ que busca desacreditar a Igrexa

O portavoz da Santa Sé denunciou onte a existencia dunha especie de Wikileaks que, segundo a súa opinión, intenta desacreditar a Igrexa. Lombardi referíase á filtración de documentos vaticanos a medios italianos sobre confrontamentos entre membros da Curia, a preparación dun suposto atentado contra Bieito XVI e a xestión do IOR, o banco vaticano.

¿sabías que...?

Un australiano foi condenado a pagar unha multa de 800 dólares por ensinar o cu á raíña Isabel II e ao seu marido durante a visita dos monarcas ao país

Este “antimonárquico” baixou os pantalóns e correu á beira da caravana real cunha bandeira australiana entre as nádegas

COLOMBIA

### Dous curas contrataron sicarios para que os matasen ao ter un sida

Dous sacerdotes colombianos tiroteados hai un ano en Bogotá contrataron dous sicarios para que cometesen o dobre homicidio porque un deles era portador do virus da sida, revelou onte a Fiscalía Xeral, que xulga os asasinados. Ao parecer, os dous relixiosos frecuentaban locais gays e, tras fallar nun intento de suicidio ao coñecer a enfermidade dun, decidiron contratar sicarios e simular un atraco.

# > deportes

“É TAN DIFÍCIL GAÑARLLE UN PARTIDO A RAFA NADAL COMO VENDER UNHA CASA”

Almagro, tenista español, colgou un vídeo para publicitar a súa vivenda

## RAÚL

Din que visitou a concentración do Barça en Alemaña para darlles ánimos



## ROGERIO CENI

O brasileiro, meta máis goleador da historia, estivo con Casillas en Madrid



## MUNIAIN

Agarda que o Real Madrid, “un club grande”, acepte a Copa no Bernábeu



## ¿sabías que...?

Tras bater o récord de vitorias, o Dépor quere superar a puntuación máxima obtida na Segunda División: 88 puntos

A marca fíxouna na tempada 2006/2007 o Valladolid do agora deportivista Borja, que levaba a estas alturas 51 puntos, os mesmos que suma o equipo de José Luis Oltra

## David Rodríguez altera a calma no Celta para pedir un posto no once

LV / Axencias

O dianteiro do Celta David Rodríguez mostrou onte a súa desconformidade pola súa desaparición do once de Herrera e, ao mesmo tempo, dixo que se considera “un xogador importante en Segunda” e que non é “a primeira vez” que “o tiran ao chan” e consegue “levantarse”.

O máximo goleador do conxunto galego a pasada tempada, con 17 tantos, deixou claro que non é unha situación “cómoda” para el e que bota de menos “máis confianza” do adestrador.

“Claro que me sorprende non xogar”, manifestou un David Rodríguez que ten “a conciencia tranquila”, porque cre que fixo “ cousas para seguir xogando” aínda que non sucedera así.

O talaverano, que esta tempada suma oito goles en doce partidos, admitiu que os compañeiros que agora son titulares “están nun gran momento” e que o respecta, pero engadiu que el tamén o estivo e con todo saíu “do once inicial”.

O momento de forma de Iago Aspas e o cambio de sistema que implantou Herrera –de dous ou tres atacantes a un só home–, poden ser dúas das claves para a súa saída do equipo. No entanto, David deu “un dez” á súa tempada.



O chileno Alexis Sánchez celebra o seu primeiro gol no Bay Arena de Leverkusen mentres Iniesta, titular onte, corre a abrazalo. > EFE

# Alexis fai de Messi

> O chileno vístese de ‘crack’ cun dobrete e Leo asina a sentenza

**Bayer Leverkusen 1**  
**FC Barcelona 3**

**Leverkusen:** Leno; Corluka (Da Costa, m.91), Kadlec, Schwaab, Friedrich; Reinartz, Rolfes (Kießling, m.77), Bender, Gonzalo Castro, Schürle (Bellarabi, m.90); e Renato Augusto.  
**Barcelona:** Valdés; Alves, Mascherano, Puyol, Abidal; Busquets, Iniesta (Thiago, m.60), Cesc; Alexis (Cuenca, m.85), Adriano (Pedro, m.69) e Leo Messi.  
**Goles:** 0-1, m.41: Alexis Sánchez. 1-1, m.52: Kadlec. 1-2, m.55: Alexis Sánchez. 1-3, m.88: Messi.  
**Árbitro:** Craig Thomson (Escocia). Amoestou a Schwaab, Corluka e Castro.

Axencias

O Barcelona conseguiu unha importante vitoria (1-3) na ida dos oitavos da Champions nun partido estraño, con total control por parte blaugrana, pero con momentos de explosión dun Bayer Leverkusen que non fixo nada en ataque e aínda así puxo en apertados os de Guardiola.

Neste contexto, e con Xavi e Piqué fóra do once, emerxe a figura do chileno Alexis, autor do primeiro gol *culé* na ocasión máis

clara da primeira metade e tras pase de Messi, e do segundo, xusto despois do empate de Kadlec, tras aproveitar unha xenial asistencia de Cesc Fábregas.

Abriuse entón o partido e chegaron senllos paus de Gonzalo Castro e Messi, no que puido ser un auténtico golazo. Non entrou pero si tivo o seu premio o arentino, que sentenciou o partido e case a eliminatoria tras tocar co bico da bota un centro de Alves para mandalo ao fondo da malla.

O Lyon saca unha renda exigua ante un bo Apoel

**Olympique de Lyon 1**  
**Apoel Nicosia 0**

**Lyon:** Lloris; Reveillere, Koné, Cris, Cissokho; Gonalons, Kallstrom, Ederson (Gourcuff, m.72), Lacazette (Briand, m.61), Bastos; e Lisandro.  
**Apoel:** Chiotis; Poursaitidis, Boaventura, Kaká, Jorge; Morais, Pinto, H. Sousa (Marcinho, m.73), Charalabides (Manduca, m.81), Trickovski; e Ailton (Solari, m.68)  
**Gol:** 1-0, m.58: Lacazette.  
**Árbitro:** Paolo Tagliavento (Italia). Sacou cartóns a Marcinho e Pinto.

Ida de oitavos de final da Champions League

**Onte**  
O. Lyon-Apoel Nicosia. 1-0  
B. Leverkusen-Barcelona. 1-3

**Hoxe**

Zenit-Benfica. 18.00  
Milan-Arsenal. 20.45

**Martes 21**  
CSKA-Real Madrid. 18.00  
Nápoles-Chelsea. 20.45

**Mércores 22**  
O. Marsella-Inter Milan. 20.45  
Basilea-Bayern Múnic. 20.45

O Milan recibe o Arsenal no duelo máis igualado

**AC Milan**  
**Arsenal FC**

**Milan:** Abbiati ou Amelia; Abate, Nesta, Thiago Silva, Zambrotta; Ambrosini, Mark Van Bommel, Nocerino; Boateng; Ibrahimovic, Robinho ou El Shaarawy,  
**Arsenal:** Szczesny; Sagna, Ramsey, Vermaelen, Koscielny, Rosicky, Mikel Arteta, Walcott ou Arshavin, Thierry Henry ou Oxlade Chamberlain, Song e Robbie Van Persie.  
**Árbitro:** Viktor Kassai (Hungría)  
**Estadio:** Giuseppe Meazza. 20.45. TVG

ESPAÑA

## Clemente, presentado polo Sporting de Xixón

Javier Clemente dixo na súa presentación como adestrador do Sporting que “se se xoga ben e non se gaña non serve para nada” e insistiu en que non ten tempo para “pensar en como xogar bonito, senón só en gañar”. O de Barakaldo tamén se referiu á polémica da final de Copa: “Como seguidor do Athletic que era ata onte, creo que será en Madrid, que é o que eu quero”.

BRASIL

## ‘Dinho’ entra na lista pero Kaká queda fóra

O seleccionador de Brasil, Mano Menezes, fixo pública a convocatoria de 23 xogadores para o amigable que a *canarinha* disputará contra Bosnia o 28 de febreiro en Suíza. Na lista hai cinco futbolistas que xogan na Liga Española –Diego Alves, Dani Alves, Marcelo, Adriano e Jonas– e destacan o regreso ao combinado de Ronaldinho e a ausencia do xogador do Real Madrid Kaká.



Tévez chegou a Manchester. > EFE

INGLATERRA

## Tévez regresa ao City tres meses despois

Entre unha grande expectación, o arentino Carlos Tévez aterrou onte no Reino Unido para reincorporarse á disciplina do Manchester City, logo de estar durante máis de tres meses en Arxentina sen o permiso do club. O dianteiro, que xa lle pediu perdón a Mancini, non cobrou durante este tempo logo de que se negara a saltar ao céspede nun partido da Champions.



### Gemma Mengual deixa a natación sincronizada

A nadadora de sincronizada Gemma Mengual anunciará hoxe a súa retirada da competición aos 34 anos, malia que a súa intención era facelo tras os Xogos de Londres. A considerada como a mellor nadadora española da historia suma 39 medallas entre mundiais, europeos e olimpíadas, 7 delas de ouro.

### O Benicarló, rival do Azkar a próxima fin de semana, anuncia a súa desaparición

LV / Axencias

O Benicarló, que o vindeiro sábado se debía enfrontar ao Azkar Lugo, anunciou onte a súa desaparición logo dunha longa agonía motivada polos seus problemas económicos.

A falta de confirmación oficial da LNFS, o conxunto descendería e o Azkar –así como todos os seus rivais a partir desta xornada– sumarían tres puntos. Diego Ríos, adestrador lucense, lamentou que suceda isto tan só unha semana despois de que España se proclamara campioa de Europa.

### Novas do polideportivo

**Baloncesto** Dirk Nowitzki foi nomeado mellor xogador europeo por diante de Juan Carlos Navarro. Pau Gasol quedou cuarto e Marc, quinto **Waterpolo** O galego Marcos Patiño, que o próximo ano militarán no Real Canoe, foi citado coa selección española cadete para un adestramento **Motociclismo** Marc Márquez, que non foi aos tests oficiais de Moto2 por un problema na vista, prepárase facendo motocrós e mountain bike **Olimpíadas** Roma retírase da carreira por albergar os Xogos de 2020, polos que compite Madrid, pola negativa do Goberno italiano ante a crise

### >enpersoa

**VERO BOQUETE**  
FUTBOLISTA DA  
SELECCIÓN ESPAÑOLA

“Xogar con España sempre é importante, pero facelo na casa, diante da familia, faino moito máis especial”

LV H. Cobo

A selección española feminina disputa hoxe (20.45 horas) en San Lázaro un amigable ante Austria cunha gran protagonista, a compostelá Verónica Boquete, actual xogadora do Tyresö sueco. A dianteira internacional, estrela de España, estivo exercendo durante estes días de anfitriño para o resto da expedición.

**P ¿Como se sente a poucas horas de xogar na súa casa, Santiago, representando a selección?**

**R** Xogar con España sempre é importante, pero aquí na miña casa, con todos os amigos e a familia na bancada, é aínda moito máis especial. Non sei o que vou sentir cando salte ao céspede do estadio de San Lázaro, pero seguro que é moi especial.

**P ¿Estará exercendo de boa anfitriño para as súas compañeiras?**

**R** Si, claro. Hoxe [por onte] recibíronnos no Concello e despois tivemos un tempo libre. Aproveitei para ensinalles o máis típico de Santiago: a catedral, a zona vella... Fixen un pouco de guía.

**P ¿Que lles diría aos que non son tan afeccionados ao fútbol femi-**



**nino para que vaian a San Lázaro a ver o partido ante Austria?**

**R** Á xente que descoñece o noso deporte animaría a que viñese porque estou segura de que lle vai gustar. Se non, polo menos, sempre terá motivos para falar mal del con coñecemento de causa.

**P Ante Austria xogan un amigable, pero é máis importante do que parece. ¿Cal é o obxectivo da selección para este ano?**

**R** Este é un partido de preparación para o noso obxectivo, que é meternos no próximo campionato de Europa, que se xogará en 2013. Imos polo bo camiño, pero temos un partido importante para o clasificatorio ante Alemaña o próximo 31 de marzo.

**P Volveu a España para disputar este partido logo dun mes en Suecia. ¿Como lle vai a adaptación ao seu novo equipo, o Tyresö?**

**R** Non podía ir mellor. Estou moi contenta. Sorprendeume o trato, a profesionalidade do fútbol aló, o país, o nivel do equipo... Non me podo queixar, porque de momento estanne indo moi ben as cousas en Suecia.

LV. DE LUNS A VENRES ofrécete o robot aspirador Diábolo

**Déixao só**

**Por só 149,95€**

PVP: 199,90€

**Características**

- Aspirado automático de todo tipo de superficies: moqueta, parque, terrazo, mármore, etc.
- Altura reducida que permite o paso baixo os mobles e sofás.
- Sensor automático que detecta as escaleiras.
- Inclúe unidade de parede virtual para limitar zonas.
- Autonomía: 45-60 min.
- Práctica asa de transporte.

## Como conseguir o Diábolo

### 1. Fai a túa reserva do Diábolo de Palson desde hoxe mesmo

Deberás reservalo chamando previamente ao teléfono 807 517 880\* para entregas na oficina de Correos ou a domicilio a través de Chronoexpres.

Indicando: o procedemento de entrega do produto, nome, apelidos, dirección completa, código postal, poboación, provincia, teléfono fixo e teléfono móbil.

**Teléfono de reservas: 807 517 880**  
Correos e a domicilio. 24 h.

**Tel. atención ao cliente 902 996 910**  
Luns/Xoves de 9h. a 14h. e de 16h. a 19h.  
Venres de 9h. a 15h.

\* O coste da chamada é de 1,18 euros/minuto en r.f. e de 1,53 euros/minuto en r.m. Impostos incluídos. Alterna Project Marketing. Apartado de Correos 23159, Barcelona 08080

### 2. Recollida do Diábolo de Palson

O Diábolo de Palson pódese recoller de dúas formas:

1. Oficina de Correos. O lector deberá recoller o produto na oficina máis próxima ao seu domicilio. Enviaráselle un mail ou SMS avisando de que o paquete xa está dispoñible.

2. Envío a domicilio a través de Chronoexpres. O produto chegará ao lugar que indique o lector na reserva. Coste 2 euros

O pago do produto realizarase en todos os casos no momento da entrega.



### O Rei, a Rafa Nadal: “Estes dos monicreques son parvos”

O rei Don Juan Carlos e o presidente do Goberno, Mariano Rajoy, mandaron unha mensaxe de apoio aos deportistas españois aproveitando senllas recepcións na Zarzuela e na Moncloa aos gañadores da Copa Davis. O monarca foi moi claro con Nadal sobre a polémica con Canal + Francia: “Estes dos monicreques son parvos”. Mentres, Rajoy afirmou que “o maior desprezo é non facer aprecio”. Quen tamén falou onte do tema foi o ministro José Ignacio Wert, que recoñeceu que España ten “un problema coa dopaxe” e anuncio futuros cambios na lei. > EFE

# > unrespiro

cumprenanos

**Jane Seymour**, actriz (61). **Matt Groening**, produtor (58). **Óscar Freire**, ciclista (36). **Gloria Trevi**, cantante (44). **Magdalena Álvarez**, política (60). **Marisa Berenson**, actriz (65). **Francisco Maturana**, adestrador (63).

## ADELE

Feliz co seu noivo, dixo: “Non volverei cantar nunca máis sobre o desamor”



## BEYONCÉ

Pasou de ir aos ‘Grammy’ e ceou co marido no seu restaurante favorito



## HALLE BERRY

A actriz contou que a súa filla ten medo do pai, o modelo Gabriel Aubry



## ¿Fin das figuras esqueléticas?

A revista francesa *Elle* dixo “basta” ao legado de corpos esqueléticos e parece facer as paces coas figuras curvilíneas que contan cunha embaixadora de excepción: a modelo Tara Lynn. Posando cunha camiseta azul de encaixe, Tara sitúase ao lado da beleza rubeneca en lugar das figuras esfameadas que trouxeron consigo un rastro de enfermidades relacionadas coa alimentación. Tara Lynn converteuse nunha cotizadísima modelo tras o éxito con H&M.



## AS MEMORIAS DA DISCORDIA, Á VENDA

- > Arantxa rompe a chorar na presentación
- > Pregúntase onde está todo o que gañou

LV

Arantxa Sánchez Vicario, que onte presentou en Barcelona as súas memorias, acusa os seus pais no seu libro autobiográfico de dilapidar os aproximadamente 45 millóns de euros que gañaría nos seus dezasete anos de carreira.

¡Vamos!, o berro de guerra de Arantxa que tamén dá título ao seu libro, non só repasa a carreira tenística da ex número un mundial, a súa infancia e adolescencia, senón a difícil relación familiar cos seus proxenitores que, segundo ela, a levaron á ruína.

“O mazazo dos últimos meses servíume para espertar. Aínda non entendo que todo o que conseguín desaparecera sen máis. Estou convencida de que non pode ser certo”, afirma.

Arantxa narra a agora inexistente relación cos pais e irmáns, os seus problemas con Hacienda ou o seu feliz matrimonio co empresario Josep Santacana, co que tivo dous fillos.

“En canto coñecín o que hoxe é o meu marido, toda a familia puxo de novo en marcha os mecanismos que conseguiran romper



Arantxa Sánchez Vicario, onte. > EFE

as miñas relacións anteriores. Segundo eles, ningún era o suficientemente bo”. “¿Acaso eles non casaron con quen quixeron?”, dixo. Aos pais bótalles en cara ser tan protectores: “Anuláronme en moitos aspectos”, lamenta.

Romper a relación con toda a súa familia supúxolle “un gran sufrimento”, pero fíxoo “por saúde mental” e para poder “refacer” a súa vida. “Non sinto resentimento nin odio, pero o que pasou é moi grave”. Por iso os demandou.



Portada da revista ‘Point de Vue’.

## A prensa francesa louva a Princesa ante o escándalo

LV / Axencias

*Point de Vue*, a revista especializada en casas reais máis importante de Europa, dedica o número deste mes a Dona Letizia, o único membro da Casa Real española que parece manterse en pé ante as revelacións que golpea os Borbón.

Desvío de diñeiro, infidelidades... Ante esta situación, a prensa francesa presenta a Princesa “ao rescate da Familia Real”. Grazas á súa “humildade e discreción, Letizia encarna máis que nunca o futuro da monarquía”.

Doutra banda, o avogado de Urdangarín dixo que Dona Cristina “non ten nada que ver cos temas de Iñaki” e o fiscal indicou que “non se contempla” a imputación dela.



## Nadal e Refaeli posan para ‘Sports Illustrated’...

A revista estadounidense *Sports Illustrated* elixiu a modelo israelí Bar Refaeli para protagonizar as súas campañas de traxes de baño para esta tempada. Xunto a ela, posaron as estrelas Rafael Nadal (tenis), Chris Paul (básquet) e Michael Phelps (natación). O tenista mallorquino dixo, tras finalizar a sesión de fotos, que se sentiu “moi cómodo” coa israelí, algo no que ela tamén coincidiu.



## ... e Kate Upton tamén

A modelo americana Kate Upton foi a elixida pola revista *Sports Illustrated* para protagonizar o seu último *Swimsuit*, un número especial no que mostra as mozas máis desexadas do momento cos bikinis máis atrevidos. Con tan só 19 anos, Upton converteuse nunha das mozas máis buscadas polo xénero masculino grazas aos seus últimos posados para esta revista deportiva e para a firma Beach Bunny.

## Carlos Baute prepara unha voda ao grande

O cantautor venezolano Carlos Baute e a súa compatriota Astrid Klisans casarán no mosteiro do Escorial o 29 de xuño, tras o cal planean un “rumbón” con amigos como Melendi, Franco de Vita,

que será testemuña, Rosario Flores e Marta Sánchez. Aos invitados, 750, Baute poralles música en vivo ata as sete da mañá e despois haberá Dj.



## Iker regalou a Sara un anel de 3.500 euros

Os rumores de voda entre Sara Carbonero e Iker Casillas son cada vez máis intensos. O gardameta aproveitou que a súa moza cumpríu 28 anos a semana pasada para regalarlle un anel de Cartier valorado en 3.500 euros e cuxo deseño é característico para pedidas de man ou, polo menos, para declaracións de amor, dado o nome do anel: Solitaire Déclaration d’Amour.



## Sergio Ramos tatúa os nomes de seus pais

O madridista Sergio Ramos vai camiño de converterse no novo Beckham nisto das tatuaxes. “O nome da miña nai e o alcume do meu pai. Son únicos e quéroos con loucura”, escribía o futbolista no seu perfil persoal de Twitter. Na parte externa das súas dúas mans escribiu nunha bonita caligrafía cursiva eses nomes dos que el mesmo fala.



## naturuxo

POR JOSÉ SIXTO

## A DESAPARICIÓN DO SMS

[Vén da primeira páxina]

Os gastos derivados da utilización dos SMS tamén descenden. A súa funcionalidade suplántana agora as aplicacións de mensaxería instantánea a través de internet como o WhatsApp, que a diferenza das mensaxes curtas o número de intercambios non incrementa a factura, ou a lingua, á que lle damos máis para contar o de sempre. Con todo, os SMS déixannos unha pegada e unha herdanza que tardaremos moito máis tempo en esquecer ou que incluso me atrevería a dicir que non esqueceremos nunca. Refírome á forma de escribir na que se suprimen gran parte das vogais, o q muda a k, a casa é ksa e o querer moitísimo represéntase cun sentido tk. Esta maneira de escribir, orixinada tamén nas primeiras modalidades de chat, trasládase aos diálogos en rede, ás redes sociais e, en moitos casos, aos apuntamentos de clase e ás listaxes da compra. Rimos con dous puntos e unha paréntese ;), chiscamos o ollo cun punto e coma ; e poñemos todos os peros do mundo cun simple xo. Esta semana, na que se celebrou San Valentín, penso en cantas parellas que se namorarán cun tk m8. bks. Excepcións hainas, pero están todas en ¿Quién quiere casarse con mi hijo? xD

## Entregáronse os 'TP de Oro'

O concurso de Antena 3 *Atrapa un millón* e a serie de TVE *Águila Roja*, con dous galardóns cada un, foron os grandes triunfadores dos Premios TP de Oro, que na súa 40ª edición homenaxearon a carreira da actriz Asunción Balaguer. Nunha gala presentada por Jorge Fernández e Jaime Cantizano, TVE conquistou cinco das deza-seis figuras en xogo. Ademais, *El Programa de Ana Rosa* levou o premio ao mellor magacín.



## ARCO abre con polémica

A feira de arte contemporánea ARCO Madrid 2012, cuxa inauguración é hoxe, traerá polémica. A orixe da mesma é unha escultura chamada *Always Franco* que representa a Francisco Franco crionizado dentro dunha máquina de refrescos de Coca-Cola. A escultura é unha figura de gran tamaño que pretende amosar o presente que segue estando Francisco Franco na mente dos españois, algo que se aprecia na sociedade e na política. O autor da obra é Eugenio Merino, que con *Stairway to heaven* levantara bochas en 2010 entre varios colectivos relixiosos. Outro atractivo da feira madrileña será a obra *Study from the human body. Figure in movement*, de Francis Bacon.



## Jolie, comprometida

Angelina Jolie dixo onte en Saraxeo, ao presentar a súa primeira película como directora, que ve "necesario intervenir" en conflitos violentos, como a guerra de Bosnia nos 90 ou agora en Siria.

## Máis novas da xornada

**Arte** Ladróns roubaron onte un cento de moedas e medallas de ouro, prata e bronce da colección doada por Segundo Escolar a un mosteiro da provincia de Burgos  
**Crise** A dirección do Liceo

de Barcelona presentou un ERE temporal que afecta 363 traballadores do total de 395  
**Touros** El Juli estaría meditando facer un alto na súa carreira, tras a batalla polos dereitos de imaxe  
**Prensa** *Interviú* dixo onte que as

fotos de Pilar Rubio espida foron cedidas por ela á publicación e que recibiu diñeiro a cambio  
**Música** O funeral por Whitney Houston será na máis estrita intimidade o sábado na igrexa de Newark, onde empezara a cantar

## LITERATURA

## Xa hai finalistas dos Premios San Clemente

A organización do Premio Literario Arcebispo Juan de San Clemente deron a coñecer onte as novelas finalistas. En lingua galega son: *A veiga é como un tempo distinto*, de Eva Moreda; *O bebedor de rakia*, de Manuel Marcos; e *Extramunde*, de Xavier Queipo.

## TELEVISIÓN

## TVG2 estrea unha serie sobre o Camiño

A TVG2 estrea hoxe, ás 11.30 horas, a serie documental *Camiños da Concordia: Camiños a Santiago*. Durante sete entregas, mostra aos espectadores as vilas e paisaxes polos que discorren os camiños xacobeos ata chegar a Compostela.



## TEATRO

## Nao d'Amores puxo fin á mostra de Lugo

A compañía Nao d'Amores, dirixida por Ana Zamora, clausurou onte a 12ª edición da Mostra de Teatro Clásico de Lugo, interpretando a obra *Auto da Sibila Casandra*, do dramaturgo Gil Vicente, nun repleto Auditorio Gustavo Freire.

**Max Pulver**

# Centro Sócrates

## MÁSTER EN PERICIA CALIGRÁFICA Y DOCUMENTOSCOPIA

Te permite y faculta para trabajar en los juzgados como perito

**Inicio del máster 27 de febrero**  
ONLINE Y PRESENCIAL

**INFORMACIÓN PREINSCRIPCIÓN**  
**981 162 161**

Se impartirá en 'Centro Español Nuevas Profesiones'  
Avda. La Habana 6-7 A Coruña

## &gt;carteleira

## VIGO

**YELMO CINES 3D.** (Luns, día do espectador. Matinais sáb, dom e fest. Madrugada ven, sáb e vésperas de festivos) **Los descendientes** 17.35, 19.55, 22.15, 00.35. **Promoción fantasma** 20.45, 22.50, 01.00. **Jack y su gemela** 17.20. **Los Muppets** 17.45. **Katmandú, un espejo en el cielo** 20.30, 22.45, 01.00. **Star wars: episodio I 3D** 18.45, 21.30, 00.15. **J. Edgar** 19.15, 22., 00.40. **La dama de hierro** 18.30. **El invitado** 17.30, 19.55, 22.20, 00.45. **Moneyball: rompiendo las reglas** 18.15, 21.15, 00.20. **The artist** 19.40, 21.50, 00.00. **El topo** 17.50. **Underworld: el despertar** 22.10. **Underworld: el despertar 3D** 20.10, 00.30. **Alvin y las ardillas 3** 17.20. **War horse** 18.10, 21.10, 00.10. **MULTICINES NORTE.** (Luns, día do espectador) **Jane Eyre (VOSE)** 17.45, 20.30, 23. **Portirio** 17.45, 20.30, 23. **El havre** 17.45, 20.30, 23. **Arrugas** 17.45, 20.30, 23. **La dama de hierro (VOSE)** 17.45, 20.30, 23.

## A CORUÑA

**FILMAX.** (sesións golfas: venres, sábado

e vésperas de festivos. Sesións matinais sab. e dom.) **War horse** 18., 22. **La dama de hierro** 20., 22.30. **Copito de Nieve** 18. **The artist** 19.45, 21.45. **Lo mejor de Eva** 18., 20.15, 22.15. **J. Edgar** 20., 22.30. **Declaración de guerra** 18.30, 20.30, 22.45. **Albert Nobbs** 17.45. **Star wars: episodio I 3D** 18.15, 22.15. **Los descendientes** 20., 22.15. **El invitado** 18.15, 20.30, 22.45. **Underworld** 17.45. **Katmandú, un espejo en el cielo** 17.45, 19.45, 22. **Moneyball** 19.45, 22.15. **Los Muppets** 17.45. **Papá, soy una zombi** 18.15. **YELMO LOS ROSALES 3D** (Luns, día do espectador. Sesións de madrugada só os venres, os sábados e as vésperas de festivo. Primeiro pase: sábados, domingos e xornadas festivas) **Underworld: el despertar 3D** 18.30. **Los descendientes** 17.50, 20.10, 22.30. **Eva** 22.15. **Millenium: los hombres que no amaban a las mujeres** 22. **Jack y su gemela** 17.30. **La dama de hierro** 18.10, 20.20, 22.40. **Underworld: el despertar** 20.30, 22.30. **El invitado** 17.40, 20., 22.20. **War horse** 19., 22. **Alvin y las ardillas 3** 17.20. **Bajo**

**amenaza** 19.30. **Star wars: episodio I 3D** 18.30, 21.30. **Arrugas** 17.45, 19.45. **Lo mejor de Eva** 18.15, 20.15, 22.15. **Papá, soy una zombi** 17.30. **Los Muppets** 17.30, 20.15, 22.45. **Criadas y señoras** 21.30. **The artist** 20.20, 22.40. **El topo** 19.30, 22.10. **La voz dormida** 17.15. **La piel que habito** 19.45. **ESPACIO CORUÑA.** (Luns, día do espectador. Venres, sábados, e vésperas de festivos: sesión de madrugada. Matinais, só os domingos) **Star wars: episodio I 3D** 19.15, 20., 00.40. **Los Muppets** 18. **War horse** 18.30, 21.30, 00.25. **Promoción fantasma** 18.40, 20.40, 22.50, 01.00. **J. Edgar** 19.20, 21.55, 00.35. **Underworld: el despertar** 22.40. **Underworld: el despertar 3D** 20.15, 00.50. **El invitado** 17.35, 20., 22.30, 00.55. **Los descendientes** 17.35, 19.55, 22.20, 00.45. **Jack y su gemela** 17.15. **Moneyball: rompiendo las reglas** 19., 21.45, 00.30.

## SANTIAGO

**VALLE INCLÁN.** (mércores, día do espectador) **Albert Nobbs** 01.05. **Katmandú, un espejo en el cielo** 17.30.

**Star wars: episodio I 3D** 17.30, 20.15, 23.15. **The artist** 17.30. **War horse** 17.30, 20.15, 23.15. **El topo** 22.30. **Los descendientes** 17.30, 20.15, 22.45, 01.05. **J. Edgar** 20.15, 22.45. **Moneyball** 17.30, 20.15, 23.15. **ÁREA CENTRAL. El gato con botas** 17. **Promoción fantasma** 18.10, 20.20, 22.35. **Underworld** 20.20, 22.30. **Los descendientes** 16., 18.10, 20.20, 22.35. **War horse** 16., 19., 22. **Star wars: episodio I 3D** 16.15, 19., 22. **Los Muppets** 16., 18.10. **La Bohème** 20. **Alvin y las ardillas 3** 16. **El invitado** 16., 18.10, 20.25, 22.40. **J. Edgar** 19., 22. **COMPOSTELA. Oro negro** 17.15, 20., 22.30. **Arrugas** 18.15, 20., 22.30. **Alvin y las ardillas 3** 16.30, 18.15. **Misión imposible 4** 17.15. **Happy feet 2** 16.30. **Nader y Simin, una separación** 20., 22.30. **El gato con botas** 16.30, 18.15. **No habrá paz para los malvados** 20., 22.30. **El havre** 16.30, 18.15, 20., 22.30. **Sherlock Holmes** 20., 22.30.

## LUGO

**AS TERMAS.** (luns, día do espectador. Sesión golfa: só ven., sáb. e vésp. de

festivos) **Sherlock Holmes** 23., 01.10. **Los Muppets** 16.15, 18.20. **War horse** 17.30, 20.30, 23.15. **El invitado** 16.10, 18.15, 20.30, 23., 01.10. **Lo mejor de Eva** 16.15, 18.20, 20.30, 23., 01.10. **Star wars** 17.45, 20.30, 23.15. **Promoción Fantasma** 18.20, 23., 01.10. **Jack y su gemela** 16.15, 18.20. **Moneyball** 20.30. **Underworld 3D** 16.20, 01.10. **Bajo amenaza** 20.30. **J. Edgar** 20.30, 23.15.

## FERROL

**DÚPLEX.** (luns, pechado) **Drive** 17.45, 23. **La fuente de las mujeres** 20.15, 23. **Jane Eyre** 17.45. **El havre** 20.15. **NARÓN.** (sesións de madrugada: venres, sábados e vésperas de festivos) **El invitado** 16., 18.10, 20.25, 22.40. **Alvin y las ardillas** 16.20, 18.20. **Sherlock Holmes** 19., 22. **War horse** 16.10, 19., 21.45. **Los descendientes** 16., 18.10, 20.25, 22.40. **Underworld: el despertar** 16.30, 18.30, 20.30, 22.30. **El gato con botas** 16.20. **Katmandú, un espejo en el cielo** 20.20, 22.35. **Lo mejor de Eva** 16.15, 18.15, 20.15, 22.15. **Jack y su gemela** 16.05, 18.10, 20.20, 22.30. **The artist** 20.20,

22.30. **Star wars: episodio I 3D** 16.30, 19.15, 22. **J. Edgar** 16.20, 19.15, 22. **Promoción fantasma** 16.15, 18.15, 20.15, 22.15. **Los Muppets** 16., 18.15, 20.30.

## OURENSE

**CINEBOX.** (Xoves, día do espectador, última sesión fin de semana) **Los Muppets** 18., 20.10. **Los descendientes** 17.20, 20.15, 22.30. **J. Edgar** 20., 22.45. **El invitado** 17.30, 20.10, 22.35. **Promoción fantasma** 17.45, 20.30, 22.20. **Jack y su gemela** 18. **War horse** 17.10, 20., 22.50. **Underworld: el despertar** 17.45, 19.50, 22. **Star wars: episodio I 3D** 17., 19.35, 22.10. **Bajo amenaza** 22.20.

## PONTEVEDRA

**CINEBOX.** (Xoves, día do espectador) **Bajo amenaza** 22.35. **Underworld: el despertar** 16.15, 18.15, 20.15, 22.15. **Los descendientes** 16., 18.15, 20.30, 22.45. **War horse** 16.10, 19., 22. **J. Edgar** 17., 19.40, 22.20. **El invitado** 15.50, 18.05, 20.25, 22.45. **Promoción fantasma** 16.30, 18.20, 20.15, 22.10. **Los Muppets** 15.50, 18.05, 20.20.

## ¿sabías que...?

## A 'Liga Estudiantil' convoca o Premio de Poesía e Relato Xosé Neira Vilas

Esta 1ª edición conta con dúas categorías segundo a idade. Máis información en: 'Ligaestudiantilgalega.info'

## &gt; os libros

## 'Microbios e

...outros paquidermos, de Fernando Díaz Castroverde, gañador do premio de narrativa breve *Repsol*, é unha obra que recolle máis dun cento de microrrelatos, nos que priman a ironía e o humor.



## 'O misterioso...

...Dr. Saa conta a historia dun lucense de Portomarín, Manuel Rodríguez Saa, que a comezos do século XX alcanzou a fama como ilusionista. Xosé Díaz Díaz e Belén Fernández Guzmán recompilaron información para contar a súa historia.



## &gt; enpersoa



**DAVID F. RIVERA**  
POETA E  
DRAMATURGO

“Ás veces, a xente ten unha idea errónea do que é un recital poético”

Diego de Cora dcora@l-ves

David F. Rivera (Vigo, 1986) é o autor de *Ecos de la noche*, un recital que “busca ser disco de ouro”. Ademais, publicará a súa primeira obra teatral, *Hipnosis/La Colonia*, que editará Antígona, o vindeiro día 1 de marzo.

**P Fálenos de 'Hipnosis/La Colonia'.**

**R** É unha analoxía da nosa sociedade, que na obra recibe o nome da *Colonia*. Alí, os individuos traballan sen saber moi ben por que e para que, inconscientes das súas orixes ou de que nalgún momento partiron da natureza. Alí todo é intranscendente e superficial, salvo o elemento do poder; traducido na sectarización da amizade, o altruísmo ou a liberdade.

**P O seu outro labor céntrase nos recitais. ¿Que acollida ten 'Ecos de la noche'?**

**R** Ten acollida. Quizais non no subconsciente popular, que moitas veces ten unha noción errónea do que é un recital poético. Nalgunhas zonas de Suramérica chegamos a ter unha popularidade importante. O disco de ouro non creo que sexa inaccesible para un traballo poético e novidoso. A discográfica e moitísimas persoas están facendo un grande esforzo para que isto sexa posible e que o disco sexa accesible.

**P ¿Concibe a poesía sen compromiso social?**

**R** A miña literatura nace do día a día. As experiencias líricas poden ofrecer novas perspectivas. Non podería soportar vivir nun mundo sen dicir ou sinalar as inxustizas e as condutas destrutivas e autodestrutivas dos nosos coetáneos. Por outra banda, sempre pensei que para comprender a historia hai que ler a poesía da época que estudamos. Sempre nos quedará a frase do eminente poeta Jesús Lizano: “¿que non é social?”.

## CARBALLO, CO XORNALISMO GALEGO

> Este Concello da Coruña convoca o 8º Premio de Artigos Xornalísticos Normalizadores, no que colabora o 'LV'  
> Poden presentarse ata o 9 de abril textos inéditos sobre a realidade sociolingüística > 1.000 euros para o gañador

LV

O Concello de Carballo (A Coruña) convoca a oitava edición do Premio de Artigos Xornalísticos Normalizadores, un certame apoiado desde o seu Servizo de Normalización Lingüística e que conta tamén coa colaboración do xornal *LV. De Luns a Venres*. O seu obxectivo é, precisamente, reflexionar sobre a situación da lingua e promocionar o seu uso e a súa presenza nestes medios.

Calquera pode presentar un traballo ao certame, sempre e cando trate desde algún aspecto a situación sociolingüística na nosa comunidade, o texto alcance entre 2.000 e 3.500 caracteres –espazos incluídos– e que non fora anteriormente publicado en ningún soporte.

Os artigos deberán presentarse por cuadruplicado nun sobre grande, firmados con pseudónimo e sen ningunha referencia que poida relacionar o texto co seu autor ou autora. Xunto ás catro copias deberase entregar un segundo sobre marcado co pseudónimo e mais o título do artigo, no que deberán incluírse o nome completo do autor, enderezo postal, teléfono de contacto, enderezo electrónico e mais unha breve reseña biográfica.

O prazo de admisión de textos rematará o vindeiro 9 de abril e deberanse enviar a *VIII Premio de Artigos Xornalísticos Normalizadores Concello de Carballo 2012*. Rexistro, Pazo da Cultura, 1º andar, rúa do pan s/n, 15100, Carballo.

O artigo premiado será publicado nos once medios colaboradores, entre eles *De Luns a Venres*, e o autor recibirá 1.000 euros.

Tres persoas de recoñecida capacidade no ámbito ao que se refire a convocatoria exercerán de xurado no certame, que se resolverá 25 días despois do cumprimento do prazo de entrega.

Nas sete edicións anteriores foron premiados con distintos galardóns Xurxo Carballido, Olga Patiño, Ana Barreiro, Ramón Vilar Landeira, Miguel Mosquera, Séchu Sende, Kiko Novoa, Xesús Fraga, Pilar García Negro, Marica Campo ou Marcos Abalde.

> Bases completas en [www.carballo.org](http://www.carballo.org)

## &gt; odestacado

**A Rede Galega de Música ao Vivo ofrece ata xuño máis de 200 actuacións**

Anxo Lorenzo, secretario xeral de Cultura; Juan Carlos F. Fasero, director de Agadic; e o secretario da Asociación Clubtura, David Paz, presentaron onte no pub Ultramarinos –na imaxe– a programación das 29 salas que participan na Rede Galega de Música ao Vivo. Ata xuño, serán un total de 226 actuacións musicais e

4 compañías escénicas de teatro e maxia. Delas, o trío *3Azóteas* abre mañá as súas actuacións na sala Jazz Filloa da Coruña. Os concertos serán dos estilos máis variados e case todas as bandas serán galegas. No que respecta ao teatro, as funcións serán levadas a cabo polas compañías Elefante Elegante e Obras Públicas. Mentres, a maxia poñerana os magos Benxamín e Teto. Agadic financiará o 85% desta axenda.

## &gt; ascaras



**El Puto Coke**  
Músico

O vigues volve da produción para agarrar o micro no seu último traballo *Coke Céspedes*, con colaboracións de Iván Ferreiro ou *Gran Purismo*.



**Marc Lago**  
Deseñador

Presentou onte a súa colección de prendas no desfile de deseñadores galegos *¿Quién dijo moda?*, que leva por nome *4.0 Hypothermia*.



**Fon Román**  
Músico

O ex de *Los Piratas* actuará mañá no Café La Palma de Madrid, onde presenta o seu disco en solitario *Entretelas*, toda unha mostra de pop clásico.

## &gt; ollomol



**JAUREGUIZAR**  
[www.l-v.es](http://www.l-v.es)

## MARCA

O niño era esférico e tan cativo que podería apreixarse coa man. Os carrizos elaboran coidadosamente os abeiros, pero son malos urbanistas e descoidan o emprazamento. O domingo descubrí un niño na praza alta da Fonsagrada, equilibrado entre as pólas dunha árbore fráxil e espiada. Abren un buratiño no caparazón da bóla para entraren. Os carrizos son paxariños célibes, pero indefensos. Voan sen afastarse demasiado da casa porque saben que poden deitarlla en calquera momento. Guillermo comina os que marcharon a que entreguen as armas electorais e de sustento que representan os cargos públicos. Escusa de botar contas. Dá por suposto que todo canto deputado autonómico e provincial, alcalde e concelleiro lograron é atribuíble á marca. Lugo era unha das cidades nas que se vían máis coches Fiat. Disque o vendedor era moi convincente. Remítome a un caso que coñezo. A sociedade ribadense votou maioría absoluta. Ribadeo conserva remanentes do porto internacional que foi hai tres séculos, polo que non se reconece na UPG nin sequera no BNG, reconécese no alcalde Suárez Barcia; tanto ten que milite no Bloque como que se presente pola Peña Madridista del Eo. Os carrizos son unhas croquetas con bico e cola. Non se deben afastar do niño, pero está de máis que as aves que fican se atribúen o labor de recoller e colocar cada ramallíño.

**♈ ARIES**  
21.03 a 21.04

Hoxe non será un día bo, xa que as dúbidas sobre a súa parella non deixan de atormentalo.

**♉ TAURO**  
22.04 a 21.05

Non quede na casa pensando en todos os seus problemas. Reúnase cos seus amigos.

**>os astros**

Por Isabel Azevedo

**♊ XÉMINIS**  
22.05 a 21.06

Nin se lle ocorra rexeitar a invitación que lle fará un amigo. Pode que coñeza a alguén moi especial.

**♋ CÁNCER**  
22.06 a 22.07

Ten todo ao seu favor para sentirse satisfeito coa súa vida. Así que non rompa a cabeza con parvadas.

**♌ LEO**  
23.07 a 23.08

A sorte pode que estea do seu lado, pero non conseguirá nada se non pon algo da súa parte.

**♍ VIRGO**  
24.08 a 22.09

Hoxe estará dos nervios. Ten que presentar un proxecto e non está seguro do seu éxito.

**♎ LIBRA**  
23.09 a 23.10

Na oficina ninguén poderá con vostede. A súa seguridade falará polo seu traballo.

**♏ ESCORPIO**  
24.10 a 22.11

Se a súa relación de parella non funciona ben, talvez deba poñer punto final á mesma.

**♐ SAXITARIO**  
23.11 a 21.12

O bo humor e as ganas de compartir a súa felicidade serán as notas predominantes hoxe.

**♑ CAPRICORNIO**  
22.12 a 20.01

Pode pasar un día moi divertido; só depende de vostede. Deixe a un lado as preocupacións.

**♒ ACUARIO**  
21.01 a 18.02

Analice ben as cousas antes de tomar algunha decisión. Se o fai seguro que acertará.

**♓ PISCIS**  
19.02 a 20.03

Se aínda non ten parella, debería provocar un encontro con esa persoa que tanto o fai ir.

**>otempo**

**Hoxe en Galicia**

**Nubes e claros con chuvascos no norte**



Os ceos estarán máis despexados canto máis ao sur e con nubes máis compactas no terzo norte, onde non se descarta algún chuvasco illado e ocasional. As temperaturas non experimentarán cambios significativos. Os ventos soprarán do nordés, moderados no litoral e frouxos con intervalos moderados no interior.

**Temperaturas Galicia (onte)**

<b>A Coruña</b>	<b>12</b>	<b>9</b>
<b>Santiago</b>	<b>10</b>	<b>4</b>
<b>Ferrol</b>	<b>12</b>	<b>7</b>
<b>Pontevedra</b>	<b>12</b>	<b>4</b>
<b>Vigo</b>	<b>14</b>	<b>5</b>
<b>Lugo</b>	<b>8</b>	<b>3</b>
<b>Ourense</b>	<b>12</b>	<b>3</b>

**Temperaturas España (onte)**


Madrid	<b>8</b>	<b>0</b>
Barcelona	<b>11</b>	<b>4</b>
Bilbao	<b>10</b>	<b>6</b>
Valencia	<b>14</b>	<b>4</b>
Sevilla	<b>16</b>	<b>-1</b>
Málaga	<b>16</b>	<b>5</b>



**Hoxe en España**

Nevadas febles no extremo norte, onde tamén choverá. Intervalos nubosos no norte, Castela e León e sistemas Central e Ibérico. Tamén haberá nubes no Estreito, sueste, Melilla e Baleares.

**Mañá en Galicia**



**>asorte**

**primitiva**

**sáb 11.02**  
6 7 9 16 19 34  
COMPLEMENTARIO: 5  
REINTEGRO: 1

**lotería nacional**

**sáb 11.02**  
22.528

**bonoloto**

**mar 14.02**  
10 14 15 33 38 46  
COMPLEMENTARIO: 32  
REINTEGRO: 5

**el gordo**

**dom 12.02**  
9 19 27 30 53

NÚMERO CLAVE (REINTEGRO): 3

**euromillones**

**mar 14.02**  
14 27 36 42 46  
ESTRELAS: 11-8

**once**

**mar 14.02**  
74.920

**>osudoku**

	4		8		6			5
6					1			8
		5		3		2		
5		1	6					4
	7				2			3
4		2		5		8		
		3		8				
	8				4			9
2			9					7

**>solución**

4	2	1	6	8	3	5	7	9
6	7	5	1	2	8	4	9	3
8	9	3	5	4	1	2	6	7
5	4	8	2	7	9	3	1	6
2	7	9	8	6	5	4	3	1
9	4	6	3	1	7	8	5	2
8	1	7	4	5	2	9	3	6
1	5	6	9	3	8	7	4	2

Completa o taboleiro (con 9 cadrados) de 81 celas dispostas en 9 filas e 9 columnas, enchendo as baleiras cos números do 1 ao 9, sen que se repita ningunha cifra en cada fila, nin en cada columna, nin en cada cadrado.

**>osseteerros**



**>solución**

Letra L, pelo, chapeu, boca, camión, fardo, roda

**>osteléfonos**

<b>Urxencias</b>	
Emerxencias SOS	112
Urxencias Sanitarias	061
Bombeiros	080
Policía Nacional	091
Policía Local	092
Garda Civil	062
<b>Hospitals</b>	
Chuac (A Coruña)	981178000
Arquitecto Marcide (Ferrol)	981334000
Clínico (Santiago)	981950000
Meixoeiro (Vigo)	986811111
Xeral Cies (Vigo)	986816016
CH Montecelo (Pontevedra)	986800000
Hula (Lugo)	982296000
CH Ourense	988385500
<b>Transportes</b>	
Lavacolla	981547500
Peinador	986487409
Alvedro	981187200
Renfe	902240202
Est. buses A Coruña	981184335
Est. buses Ferrol	981324751
Est. buses Santiago	981542416
Est. buses Pontevedra	986852408
Est. buses Vigo	986373411
Est. buses Ourense	988216027
Est. buses Lugo	982223985

BIOPIC

## A vida de Manuel Fraga trasládase á pequena pantalla cunha miniserie

A vida do político falecido hai unhas semanas dará forma a unha miniserie na que colaborarán o Grupo Ganga Producciones, responsable de *Cuéntame cómo pasó*, e Voz Audiovisual. O proxecto centrarase na traxectoria política

e persoal dun político que ocupou postos durante a ditadura franquista, a transición e a democracia. Os responsables da ficción buscarán o visto bo da familia para desenvolver as principais liñas argumentais da mesma.



15:30 &gt; LA SEXTA

## Nuria Roca instálase na sobremesa para repartir premios millonarios

La Sexta estrea esta tarde unha versión renovada do famoso concurso onde se porán en xogo 100.000 euros cada día. Seis concusantes participarán no mítico formato que cambiará algunhas das súas regras: xa non haberá comodíns e

os participantes terán un tempo límite para responder e non poderán plantarse. Ademais, cada tarde Nuria Roca, que hoxe se estrea na canle como presentadora, porá en xogo 500 euros extra para os telespectadores.



## &gt;TVG

08:00 **Bos días**  
10:05 **A cociña de André**  
10:25 **Todo por amor**  
11:55 **Infiltrados**  
12:40 **Calendario extravagante**  
12:45 **A revista**  
13:45 **Galicia noticias**  
14:15 **Cada día un libro**  
14:25 **Telexornal mediodía**  
15:25 **Reporteiros**  
15:35 **Ben falado**  
15:50 **Cifras e letras**  
16:25 **Equipo de rescate**  
17:15 **Queres ser o mellor?**  
17:50 **A solaina**  
19:05 **Rex, un policía diferente**  
19:55 **Estado do mar**  
20:00 **Telexornal serán**  
20:30 **Zona Champions**  
AC Milán-Arsenal FC  
23:10 **Grandes lugares**  
00:05 **Vivir aquí**  
01:00 **Falámolo**  
Malos tempos para a arte

## &gt;TVE1

06:30 **Telediario matinal**  
09:00 **Los desayunos de TVE**  
10:15 **La mañana de la 1**  
Con Mariló Montero  
14:00 **Informativo territorial**  
14:30 **Corazón**  
Magacín presentado por Anne Igartiburu.  
15:00 **Telediario 1**  
16:15 **Amar en tiempos revueltos**  
17:10 **Cielo rojo**  
18:30 **La casa de al lado**  
19:30 **+ Gente**  
Con Pilar García Muñiz e José Ángel Leiras.  
21:00 **Telediario 2**  
22:15 **Comando actualidad**  
Servicio doméstico por contrato  
A buen puerto  
00:10 **59 segundos**  
Presentado por María Casado.  
01:40 **La noche en 24h**  
03:20 **TVE es música**

## &gt;LA2

09:30 **Aquí hay trabajo**  
10:00 **La aventura del saber**  
11:00 **Grandes documentales**  
12:00 **Para todos La 2**  
13:40 **La noche temática**  
14:40 **Documentales culturales**  
15:35 **Saber y ganar**  
Presentado por Jordi Hurtado.  
16:05 **Grandes documentales**  
17:55 **Documentales culturales**  
18:55 **Biodiario**  
19:00 **Mundos de agua**  
19:30 **Para todos La 2**  
20:00 **Tres 14**  
20:30 **La felicidad en 4 minutos**  
20:35 **Frasier**  
21:00 **Documentales culturales**  
22:00 **Estudio 1**  
La viuda valenciana  
23:15 **50 años de...**  
23:45 **La 2 Noticias**  
00:15 **Redes 2.0**  
00:45 **Documentales culturales**  
01:40 **Conciertos de Radio 3**

## &gt;ANTENA3

06:15 **Las noticias de la mañana**  
09:00 **Espejo público**  
12:00 **Karlos Arguiñano en tu cocina**  
12:30 **La ruleta de la suerte**  
14:00 **Los Simpson**  
15:00 **Antena 3 Noticias 1**  
15:40 **Deportes**  
16:00 **Tu tiempo con Roberto Brasero**  
16:15 **Bandolera**  
17:15 **El secreto de Puente Viejo**  
18:30 **Ahora caigo**  
19:45 **Atrapa un millón diario**  
Con Carlos Sobera  
21:00 **Antena 3 Noticias 2**  
21:35 **Deportes**  
21:45 **El hormiguero 3.0**  
Con Pablo Motos  
22:30 **Con el culo al aire**  
23:45 **Modern Family**  
01:45 **Estrellas en juego**

## &gt;TELE5

06:30 **Informativos Telecinco**  
09:00 **El programa de Ana Rosa**  
12:45 **Mujeres y hombres y viceversa**  
Con Emma García.  
14:30 **De buena ley**  
Espazo presentado por Sandra Barneda.  
15:00 **Informativos Telecinco**  
Con David Cantero, Isabel Jiménez e Sara Carbonero.  
15:45 **Sálvame diario**  
Espazo presentado por Jorge Javier Vázquez.  
20:00 **Pasapalabra**  
Concurso presentado por Christian Gálvez.  
21:00 **Informativos Telecinco**  
22:00 **Tú sí que vales**  
Programa presentado por Christian Gálvez.  
01:15 **Gran hermano 12+1**  
Resumen

## &gt;CUATRO

08:15 **Lo mejor de Top Gear**  
09:15 **Alerta cobra**  
12:30 **Las mañanas de Cuatro**  
Magacín presentado por Marta Fernández.  
14:00 **Noticias Cuatro**  
14:50 **Deportes Cuatro**  
15:55 **Castle**  
Préstamo mortal  
Hombre muerto, mujer muerta  
La niñera muerta  
18:30 **NCIS: Los Ángeles**  
Sin salida  
Anónimo  
20:00 **Noticias Cuatro**  
Programa presentado por Roberto Arce.  
20:45 **Deportes Cuatro**  
21:30 **El cubo**  
Con Raquel Sánchez Silva  
22:30 **Cine Cuatro**  
Solomon Kane  
00:30 **Cine Cuatro**  
Tiempo de matar

# ORO

Efisa A Coruña

4 CAMINOS  
Entrada tráfico  
Frente al supermercado Gadis

La compra-venta más antigua de A Coruña  
**COMPRAMOS ORO-BRILLANTES-PINTURAS-MONEDAS**  
**-ANTIGÜEDADES (en joyas y relojes duplicamos su valor)**

Tif.: 981 924 192 - 636 333 312



## &gt;LASEXTA

08:15 **Éste es mi barrio**  
09:10 **Crímenes imperfectos**  
11:30 **Crímenes imperfectos: Ricos y famosos**  
12:30 **Al rojo vivo**  
13:55 **LaSexta Noticias**  
15:00 **LaSexta Deportes**  
15:30 **El millonario**  
16:15 **Bones**  
El rockero en el ciclo de aclarado.  
La bruja en el armario  
18:00 **Navy: Investigación criminal**  
19:55 **LaSexta Noticias**  
20:55 **LaSexta Deportes**  
21:30 **El intermedio**  
22:25 **Alcatraz**  
Kit Nelson  
Carl Sweeney  
00:05 **Numb3rs**  
Pagar por sonar  
Cuando colisionan mundos  
01:55 **¿Quién vive ahí?**

## &gt;ENBREVE

TELELUGO

09:00 La hora de Coral  
10:00 La verdad de Laura  
11:00 Travel Notes 7  
11:30 Tormenta de pasiones  
12:30 La cocina de Subijana  
13:00 De tarde en tarde  
14:00 A vivir bien  
15:00 Todo viaje 7  
15:30 De tarde en tarde  
16:30 Hugo, el rey del judo  
17:00 Yattaman  
17:30 Más vivir  
18:30 Lista de bodas  
20:00 Secret Nature 8  
21:00 KM 500  
21:30 Novas 2  
22:00 Palabras a medianoche  
23:00 De tarde en tarde  
00:00 Novas 2

DIVINITY

17:30 Mujeres desesperadas  
19:25 Tricotosas  
19:30 Anatomía de Grey  
21:30 Gossip girl

NITRO

15:15 La princesa y el marino  
17:10 Colombo

18:55 Walter Ranger Texas

20:30 Ley y orden  
22:10 Equipo de investigación

LA SEXTA 3

10:00 Todo cine  
13:00 Todo el mundo gana  
15:00 Todo cine  
15:30 The emperor's club  
17:40 Sabotaje  
19:55 La noche de los gigantes  
22:00 800 balas  
00:20 El bueno, el malo y el raro

ANTENA NEOX

17:35 Big Bang  
18:45 Dos hombres y medio  
20:15 American Dad  
21:05 Los Simpson  
22:00 Torchwood

TVG2

17:00 Xabarin tarde  
20:20 Chuck  
21:05 ZigZag diario  
21:30 Reporteiros  
22:00 Telexornal serán  
22:30 Fringe  
23:10 Zona Champions  
23:55 Enrede  
00:35 Telexornal noite

## &gt;omellordocineentelevisión



19:55 &gt; LA SEXTA 3

## La noche de los gigantes ★★

Director: Robert Mulligan.  
Intérpretes: Gregory Peck, Eva Marie Saint, Robert Forster, Noland Clay, Russell Thorson, Frank Silvera, Lonny Chapman.  
EE UU. 1968. 109 m.  
Sam Varner, un explorador do Exército recentemente retirado, axuda unha muller branca

e o seu fillo mestizo, que conseguiron fuxir dun campamento indio. Sam alóxaos no seu rancho, pero o pai do neno, un apache, perségueos implacablemente.

22:30 &gt; CUATRO

## Solomon Kane ★

Director: Michael J. Bassett.  
Intérpretes: James Purefoy, Max von Sydow, Pete Postlethwaite, Rachel Hurd-Wood, Alice Krige.  
GB. 2009. 104 m.  
Conto épico baseado nun personaxe do creador de Conan cuxo protagonista é un soldado que vive atormentado polo seu pasado e que busca a redención loitando contra un sinistro poder que ameaza o seu reino. Solomon Kane é un guerreiro

puritano cuxa meta é rematar coa maldade en todas as súas formas.

00:30 &gt; CUATRO

## Tiempo de matar ★

Director: Joel Schumacher.  
Intérpretes: Sandra Bullock, Matthew McConaughey, Samuel L. Jackson, Kevin Spacey.  
EE UU. 1996. 149 m.  
Nunha tranquila localidade de Mississippi dous mozos borrachos violan unha nena negra de dez anos. A maioría branca da cidade amósase horrorizada polo crime. Carl Lee, o pai da rapaza, toma a xustiza pola súa man e mata os violadores. Mentres, a tensión medra e aparecen nas rúas cruces ardendo do Ku Klux Klan.

> **acontraportada**



As 27 deputadas do PPdeG e o Bloque inmortalizaron onte o momento histórico da súa maioría, coa ausencia das once socialistas. > R. Pasadas

# Matriarcado político

> A toma de posesión de Marisol Díaz e Carme da Silva fai que as mulleres sexan por vez primeira maioría no Parlamento de Galicia

LV / Axencias

A incorporación de dúas novas deputadas de PPdeG e BNG, Marisol Díaz Moureira e Carme da Silva Méndez, respectivamente, que tomaron posesión do seu escano no Parlamento onte, tradúcese nun feito histórico para a política galega: as mulleres son maioría absoluta por primeira vez no pazo do Hórreo.

Segundo destacou a presidenta da propia institución, a popular Pilar Rojo, trátase de “algo que nos ten que congratular a todas”, dixo, “polo que significa de visibilización do traballo das mulleres e da súa presenza política”, sinalou. Lembrou que é “a primeira vez na historia” do Parlamento que se dá esta circunstancia.

Lonxe quedan os tempos nos que botaba a andar a Cámara galega con tan só tres parlamen-

**O PSOE non se suma e pide “igualdade real” e non “paridade casual”**

O grupo do PSdeG criticou a foto a través de Carmen Acuña. “Queremos igualdade real e non paridade casual”, dixo resignada, xa que cre que se chegou a esta situación polas renuncias de homes –Pablo Cobián, Baltar Blanco, etc...– e non porque haxa mulleres en postos de saída e preferentes á hora de confeccionar listas electorais, algo que propondá nunha iniciativa parlamentaria.

tarias: Enma González, Carmen Lovelle e Flora Veiga Aldariz.

Pero desde entón, a súa presenza foi medrando ata que onte se converteron en maioría: 38

sobre 37 homes. A repartición queda ademais da seguinte forma: 21 deputadas do PPdeG, 11 do PSdeG e 6 do BNG.

A esta circunstancia súmase ademais o feito de que a presidenta do Parlamento sexa tamén unha muller, Pilar Rojo –a segunda tras a socialista Dolores Villariño–, e incluso indo un pouco máis alá, tamén é destacable o feito de que onte debutou como voceira do Bloque Ana Pontón, rachando así con outra das hexemonías que mantiñan os homes.

Ante esta situación, Pilar Rojo quixo onte inmortalizar o momento cunha fotografía de familia na que, curiosamente, se ausentaron as once parlamentarias socialistas, ao estar en desacordo coa dita celebración.

> Opina en [www.l-v.es](http://www.l-v.es)

> **ofotomatón**



**Ana Miranda**  
Eurodeputada do BNG  
O BNG propuxo no Parlamento Europeo en Estrasburgo que os fondos de cohesión para 2014-20 inclúan a taxa de desemprego como criterio de distribución, en particular a taxa de desemprego xuvenil, xa que hoxe “é prioritario sobre as infraestruturas”.



**Aline Frazao**  
Cantante  
Esta angolana de 23 anos, que vive en Santiago, acaba de editar o seu disco de estreia *Clave Bantu*. Acompañada polo percusionista galego Carlos Freire e o contraabaixista cubano José Manuel Díaz, actuará mañá no Teatro Principal compos-telán ás 21.00 horas.



**Isabel Lirola**  
Vicedecana de Dereito na USC  
A profesora exercerá como secretaria executiva en funcións do Grupo Compostela de Universidades ata a ratificación dos membros da asociación durante a asemblea xeral, que se celebrará en Finlandia os próximos días 20 e 21 de setembro.

> **firmasLV**



**BIEITO IGLESIAS**  
[www.l-v.es](http://www.l-v.es)

## ‘UNA VOCE POCO FA’

Chámanse baptistas os calvinistas que rexeitan o bautismo dos nenos e son partidarios de administrar ese sacramento aos adultos e por inmersión. Tal confesión naceu no século XVII por contacto de certos anglicanos británicos cos anabaptistas dos Países Baixos (descendentes estes dos seguidores de Münzer, que propugnaban o comunismo evanxélico e quixeron impor o reino de Deus pola brava na Alemaña do 1500). A onda expansiva desa fe chegou aos templos negros de Norteamérica e alí estalou en cánticos corais e solistas que integran o repertorio do gospel. Houbo grandes voces que arrollaron os himnos relixiosos con música de jazz, como as de Rosetta Tharpe, Marie Knight, Mahalia Jackson ou Whitney Houston, que empezou no espiritual preto antes de converterse en estrela do pop e icone de Hollywood tras protagonizar *O gardacostas*. Whitney finou o domingo pasado nun hotel e os telexornais de medio mundo aventan sospeitas sobre a súa adicción ás drogas. Viviu na Terra 48 anos, os bastantes para agasallarnos cunha voz celestial de mezzosoprano e para loitar coa materia escura do universo. Ningún escolta puido protexela do desamor e da desolación, do ruído e da furia que aboucan a novela da vida, escrita por un idiota segundo a opinión ben fundada de Shakespeare. As súas cantigas conteñen a auga lustral da vítima sacrificada e a noite enteira da dor.

SI ERES MÚSICO

[www.hearsafe.es](http://www.hearsafe.es)

**AUDIAS**

*La mejor medida es prevenir la sordera*

**Protección Auditiva A MEDIDA**

CONSÚLTENOS DE FORMA GRATUITA

O TRABAJAS CON RUÍDO

Avda. Finisterre 280 , A Coruña ::: 981 925 367 ::: [www.audias.es](http://www.audias.es) :: [www.hearsafe.es](http://www.hearsafe.es)